



Nº 0 2€
Xaneiro 2008

GALICIA

EDITA:
A.S.C.ARREDEMO

ACCIÓN EN REDE CONTRA O SILENCIO



FOTOGRAFÍA: GZIFOTO

Isaac Díaz Pardo na zona cero

Diante da xunta de accionistas do 23 de Xaneiro do 2008, un paso máis no afastamento definitivo de Isaac Díaz Pardo da dirección do Instituto Galego da Información e do grupo Sargadelos, desde a Rede de Acción Socio-Cultural Arredemo e o

colectivo Burla Negra, en colaboración con outros colectivos sociais e culturais do país e moitas persoas absolutamente inconformes con este sacrificio ruín, decidimos dar testemuño deste acto de violencia contra a nosa cultura editando polos

nosos propios medios o número cero do xornal Galicia, unha vella e aínda necesaria utopía proxectada desde o IGI en 1977. Un exemplar único que alén do seu valor testemuñal, quere tamén deixar constancia de que hai unha cultura viva, libre e

irredundante que continúa a traballar e crear no día a día esa Galiza Imaxinaria que soñaron os devanceiros e que homes e mulleres como Isaac Díaz Pardo salvagardaron da barbarie fascista para nós e para os que veñan e as que veñan despois de nós.

Reábrese o Foro Negro. A necesidade de gobernar o descontento

En decembro de 2003, o Foro Negro congregou no IGI a persoas e colectivos, no marco da contestación social ao despropósito do Prestige. Cinco anos despois asistimos, nun contexto político diferente, á perpetuación de dinámicas e á asunción de modelos de "progreso" á marxe dos intereses da cidadanía e a prol dos intereses económicos e particulares duns poucos.

A proliferación de canteiras no Courel, a instalación da planta regasificadora en Mugarbos, a instalación masiva de piscifactorías

na costa, o contestado parque ambiental de Ribadavia, os abusos urbanísticos e demais actividades en contra do ben común, volven situar a cidadanía na necesidade de demandar dos gobernantes un compromiso co desenvolvemento económico, cultural e social do país baixo criterios de sustentabilidade e de auténtico interese xeral.

Sábado 19 de xaneiro de 2008. Un novo paso na vertebración da Rede de Acción Socio-Cultural Arredemo.

www.arredemo.info

Editorial Imaxinario

Por que facemos o que facemos

LUIS SEOANE

Lembra, Isaac. Cando estamos cansos, coma nas lendas, a terra chámamos. Fai soar a súa vos de paxaros que berran dende o fondo dos boscos. Cantamos nela os cabelos ao ar tinxidos pra guerra. O temor do océano, da noite. Cantamos ao máis vello pobo coñecido. Á fundación mesma dos nosos medos. De alá saímos os senlleiros, os inadatados, os condanados inxustamente, os que procuran o pan, os xogadores, os perseguidos, os arrichados, tamén o xusto, o argalleiro, o luxurioso, o san, e as ponlas frorescentes das linaxes abafadas.

Loitamos pola comunidade dos homes e das mulleres, a felicidade, a precisión, a craridade, a xustiza. Agora que estamos i-é tarde vimos dende moi lonxe, dende as sombras, como tantos outros e outras viñeron denantes. Un pobo vivindo na anarquía dende hai mil anos. Antre embargos, vilanías, benzoarios, herdanzas, repartos. Despojado polos señores. Tamén a Irmandade dos homes ceibes que tratou de asegurar a paz coa violencia axustando na raíña as súas aldraxes.

Lembra, Isaac. A execución isolada, o encalzo do home no bosco, a matanza colectiva nas estradas, o espolio, os bens confiscados, o despoxo, a condena por fame.

Caballeros de La Coruña, Caballeros de Santiago, Caballeros de cada cibdade, armados cabaleiros polo arrecadador de impostos, polos mestres de armas dos Bancos, delatores de xenerosos homes de povo, que queren afogar os recordos, que tamén nos esquezan. Tampouco acorden o noso nome, o berro común do pasado.

Nós acordaremos sempre, aínda desde a fosa, no caveiro, en Santa Compañía polos camiños despois de moitas vegadas mortos.

Na Galiza, ise vello povo, carballo carcomido de raios e bestigos, loita dende hai séculos o home coas ratas... vencendo sempre as ratas.

Mais ollade a Galiza erguerse paseniñamente de todos os supricios. Construindo, antre o desamparo e a inxuria, o propio universo. Erguendose de antre as pedras coberta de cicatrices, de anguria, de farrapos, pra voltar a marchar no tempo, torpemente.

O Castro-Sargadelos: patrimonio da Galiza

MANIFESTO NACIONAL

O complexo "O Castro-Sargadelos" é o resultado dun insólito proceso de creación colectiva inspirado, propulsado e catalizado por Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane. Encetouno Isaac hai máis de medio século. Hoxe constitúe un Patrimonio cultural da Galiza enteira. Compre que o poder político do goberno galego así o declare institucionalmente, mediante o procedemento que formalmente sexa necesario e acaído, para preservalo e garantir a súa

continuidade e supervivencia a cuberto de calquer eventualidade e calquer peripecia empresarial que o poña en perigo de desnaturalización, destrago ou desaparición. En canto ben de interese cultural para o povo galego, é patrimonio da cidadanía, e á cidadanía incúmbelle reclamar do poder democrático que actúe e interveña para defendelo e mantelo ao dispor da cultura do común de nós, da nosa nación.



As orixes xerminais do proxecto están na conxunción de dúas fontes de inspiración e decisión e dous episodios da epopeia de resistencia cívica, galeguista e republicán á barbie do fascismo franquista. No primeiro caso, trátase dunha decisión individual tomada, en dous chanzos, por Isaac Díaz Pardo no decurso da súa traxectoria existencial. No segundo, consiste nun proceso dialóxico entre Isaac e Seoane, activado nunha dinámica de grupo no exilio arxentino e proseguido despois de por vida.

A finais dos anos corenta, Díaz Pardo decide deixar a creación pictórica e aborda a creación das Cerámicas do Castro, coa colaboración

financeira de José Rey e Federico Nogueira, en terreos que a sensíbel e fidel Mimina, a muller e compañeira leal de Isaac, cede solidariamente do Pazo do Castro de Osedo, propiedade da súa familia.

Cinco anos despois Isaac viaxa a Bos Aires, e alí acepta o convite dos exiliados para montar a Magdalena, unha fábrica de porcelanas conforme ao modelo pioneiro da do Castro e avincallado con ela, mar por medio. E aí configúrase un cerebro colectivo, primordialmente sobre a conexión entre Isaac e Luis Seoane, mais tamén cos Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Blanco Amor, Núñez Búa, Arturo Cuadrado, Antonio Baltar... Nesas intres, alí, na Magdalena, constitúese un Laboratorio Cerámico e concíbese a creación dun Laboratorio de Formas de Galicia. Faráno realidade eiquí, na Terra, en 1963, Díaz Pardo e

Seoane, e moi axiña, con Andrés Fernández Albalat, darán a luz o proceso de recuperación de Sargadelos.

A Magdalena e O Castro non foron, pois, nen naceron como simples fábricas ou empresas industriais. Tampouco Sargadelos, filla delas. O que foron denominárase hoxe un combinado de "laboratorio de ideas" e "factoría cultural": Laboratorio de Formas e Seminario de Sargadelos. Seoane e Díaz Pardo e máis o colectivo de leais ao proxecto que se foron integrando no proceso dérono construído por enteiro. Seminario de Estudos Galegos resucitado. Laboratorio Xeolóxico de Laxe legado por Isidro Parga Pondal. Museu Galego Carlos Maside de Arte Contemporánea, teima xenerosa de Luis Seoane. Edicións do Castro para a recuperación impregnada da memoria histórica. Instituto Galego de

Información (IGI), como laboratorio de creación ideatoria e comunicativa, hoxe sometido a asedio por corte de suministros. Nesa urdime, as factorías industriais d'O Castro e Sargadelos foron o artefacto funcional para a conxunción arte-industria. Foron unha empresa formalmente privada que funcionou, por necesaria suplencia, con criterios de empresa pública eficiente orientada a fins socioculturais colectivos.

Isaac, Seoane e os demais idearon ese proxecto, edificaron ese complexo, e fixéronlle ese gasallo inmenso ao povo galego. Correspóndenos agora aos cidadáns pórmos a salvo esa inxente obra. Por iso requiro públicamente, a intervención do poder político democrático do que os cidadáns mesmos nos dotamos. A obra de Isaac e Luis, o complexo cultural O Castro-Sargadelos, é patrimonio da Galiza.

Cerámica *Aquelarre* de Sargadelos

A volta de Isaac Díaz Pardo

FERMÍN BOUZA

Cando a fin da guerra civil, tras o golpe de estado do 36, o conxunto do que chamamos España reconvértese nun país nacionalcatólico, regresivo e cavernario, nun salto atrás de varios séculos, unha das cousas que desaparece da paisaxe e aquela idea da vangarda que encheu de novos pulos as xeracións de Isaac e mesmo a algunhas anteriores.

Galicia asolágase na auga reaccionaria do novo réxime e as ondas dese mar chegan ata os recunchos máis arreunchados. Unha idea do mundo propia daquel réxime (e tamén lonxe dos usos e costumes cotiáns dos outros feixismos e nazismos, aínda preto destes de certas vangardas, coma o futurismo, entre outras) que racha coa menta-

lidade nacente dunha arte autocrítica e que anda rompendo cos seus principios históricos. Pasarán algúns anos ata que, no conxunto do estado, xentes coma Millares e o grupo El Paso, volvan a pensar a materia en termos inovadores, como fixeron en Galicia xentes como Reimundo Patiño, que retoma a creatividade no punto no que pode ser transmitida ás novas xeracións.

No medio, o horror dunha posguerra que os demócratas e galeguistas que aquí pasaron sufriron coma unha lousa inmensa e brutal. Fóra estaba a señardade, pero aquí estaba o horror e o maior sufrimento, a humillación e a morte. Da señardade do exilio chegaban xentes coma Seoane, che-

os de formas novas e ganas de encher Galicia do vello espírito vangardista e creador. E tantos outros coma Luis Seoane. E de entre eles chegou Isaac Díaz Pardo coas súas propostas de deseño e creación e todo o que foi O Castro e Sargadelos, un xeito moi especial de devolver ao mundo do popular aquela pescuda das formas que foi a alma das vangardas.

Isaac é o embaixador dun pasado creador, roto na Guerra, e que con el e outros volve a nacer cara ao futuro, nesa sensibilidade que agora vai unir a arte e a empresa, o culto e o popular.

Engadido a iso, a paixón de Isaac polo novo mundo da información, que lle leva a adiantarse tamén aos novos

tempos e a propor o seu estudo e análise sistemática, porque a información é a nova deusa dun tempo que xa se veu riba de nós. Faltou pechalo cun grande diario galego e en galego, que agarda a man do tempo do posíbel para nacer. O último intento, o de Edicións de Referencia, con Antón Baamonde como guieiro, e eu mesmo na aventura, non puido ser. Pero a idea de Isaac segue vixente, tanto no eido da investigación informativa como do grande medio galego.

Vaian estas liñas como lembranza e apoio a Isaac, e que o tempo e as súas luzes de Galicia, nos devolvan aquel espírito de futuro e aquela aventura que un día nos propuxo Díaz Pardo.



Vellas e queridas lembranzas

HERMINIO BARREIRO

A miña primeira ou segunda memoria de Isaac Díaz Pardo debe ser dos primeiros anos 60 en Madrid. Escoitei o seu nome, a gabanza da súa personalidade e o primeiro relato da súa actividade artística e política, de labios de Luis Seoane. Acababa de chegar Seoane a Madrid. Entrevistábase coa xente de Brais Pinto. Falábanos de política, de ética, de arte, de literatura, de compromiso. Falábanos de Galicia. Da Galicia da derrota e do exilio, pero dunha Galicia nova que renacía. Falábanos da Galicia do exterior. Dунha Galicia que era máis que a Galicia abatida da posguerra. Falábanos, en fin, dunha Galicia para min descoñecida e que descubría con emoción.

O relato de Seoane era o relato dun Buenos Aires esplendente. Do Buenos Aires dos grandes murais, dos cafés pletóricos de bohemia, dos escaparates multicoloristas, das exposicións máis vangar-

distas. O Buenos Aires en fin de tódalas músicas e tódalas artes. A cidade de Borges, de Cortázar. A cidade tan querida da nosa patria emigrada e exilada. Dos labregos sen terras de toda Galicia e de Castela. Un Buenos Aires do que eu non oíra nunca falar...

E retratábanos tamén Seoane, o noso querido e grandísimo artista, intelectual e patriota, aquel Madrid co que el se reencontraba e que lle parecía –dicíanos– o Madrid de *La gallina ciega* satirizado por Max Aub. Facíanos ver, en definitiva, o descoñecemento que nós tiñamos de nós mesmos, a necesidade de rachar con aquel mundo sordido da dictadura franquista, a busca, en fin, do pasado republicano tan vulnerado. Abríanos os ollos Seoane cada día. Teño viva na miña imaxinación a lembranza dun día, falándonos da historia da pintura e das artes, entre o silencio e o asombro de Valeriano Bozal. E lembro a

expectación e o éxito, algún tempo despois, da súa gran exposición en Madrid, na que homenaxeaba a Julián Grimau.

Falaba moito Seoane e falaba con paixón e coñecemento. E, de cando en cando, abría un gran bloc de debuxos e deseños que levaba sempre con el... E alí estaban, si, deslumbrantes, cegadoras, máxicas, as cores e as formas de Sargadelos. E entón Luis falaba con moito amor de Isaac, do espírito cheo de inquedanzas do que sería durante anos o pequeno trasto omnipotente da gran fábrica das artes galegas...

Eu lembrarei sempre xuntos a Luis e a Isaac. Non foi unha casualidade que Luis Seoane partira cara o alén mentras falaba por teléfono con Isaac Díaz Pardo. Non o esquezamos: a plástica de Sargadelos son eles dous e a sombra protectora de Picasso. Non dilapidemos a súa heranza inalienable.



ILUSTRACIÓN: GONZALO VILAS

León Felipe e Isaac Díaz Pardo: unha historia de poetas

XESÚS ALONSO MONTERO

Cando, en 1939, se produce a grave Desfeita en España, emigran a moi distintos países centos e centos de intelectuais, conscientes de que no seu país o destino sería o paredón ou a cadea. Países houbo, como México, que recibiron o elenco máis potente e brillante dos éxodos intelectuais da Historia: escritores, médicos, pedagogos, historiadores, artistas plásticos, filósofos, profesores universitarios, antropólogos, críticos literarios, biólogos, músicos... tamén poetas, algúns deles voces ilustres da poesía europea do século XX.

Entre os poetas do éxodo (precisamente en México) ergue a súa voz, bíblica tantas veces, poderosa sempre, León Felipe (Felipe Camino Galicia). Un breve poema seu, por definitorio, por acertado e redondo, naceu para inmortalizar unha situación daquel dramático éxodo colectivo.

Franco, tuya es la hacienda,
la casa,
el caballo
y la pistola.
Mía es la voz antigua de la tierra.
Tú te quedas con todo y me dejas desnudo y errante por el mundo.
Mas yo te dejo mudo... ¡mudo!
y ¿cómo vas a recoger el trigo
y a alimentar el fuego
si yo me llevo la canción?

A canción estaba fóra, no desterro forzoso: Antonio Machado, Juan Ramón Jiménez, Rafael Alberti, Carles Riba, Pere Quart, Delgado Gurriarán, Lorenzo Varela... Entre tantas voces poéticas, a de León Felipe, español “del éxodo y del llanto”.

En 1955 Isaac Díaz Pardo vai por primeira vez a América, a Buenos Aires. Non sei se nesas datas Díaz Pardo coñece os soberbios versos de León Felipe, pero cónstame que tiña a evidencia de que na diáspora española estaba a canción (a poesía) e, coa canción, o discurso crítico, a erudición cuestionadora, a voz do compromiso e a música da esperanza. En Buenos Aires este universo ético e estético represéntano, entre outros, Luís Seoane,

Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Xosé Otero Espasandín, Carmen Muñoz Manzano, Ramón de Valenzuela, Xosé Núñez Búa e Antonio Baltar. Nese elenco sobresa (pola enerxía, polo saber e pola lealdade á canción desterrada) a figura inxente de Luís Seoane.

Isaac Díaz Pardo, en 1955, vai a América, como tantos galegos, facer as Américas. Pero é un emigrante singular: a súa viaxe a América, concretamente a Buenos Aires, é unha viaxe á procura da “canción”, para o noso viaxeiro sospeitada na voz de Seoane, de Dieste, de Lorenzo Varela...

Sospeitaba ben: eles, desterrados galegos, mantiñan o lume ético e estético da verdadeira canción. Díaz Pardo, no seu afán de liberarse, en Galicia, da lousa intelectual do poder, do cabalo e da pistola, vai á procura das Américas, emigra a Buenos Aires, que era o lugar da canción. Cando regresa é un retornado rico: rico en ideas, en proxectos e en iniciativas que axiña cristalizaron en realidades, que constitúen, para o seu país, un dos grandes capítulos do acontecer cultural, económico e industrial.

Pasaron os anos, bastantes anos, e os da facenda, os do cabalo e os da pistola tratan de terxiversar esas fecundas realidades e de apagar o lume sagro que Díaz Pardo foi buscar, en 1954, a Buenos Aires. Pero xa non vive o poeta León Felipe para contar este roubo, o triste destino daquela nobre e fermosa canción.



León Felipe

Antoloxía do disparate I**Piscifactorías**

Por interese xeral do empresario, infórmase aos veciños: 'Unha outra multinacional necesita da vosa axuda e do voso sacrificio. Debemos sacrificar a nosa historia, a nosa paisaxe e o noso futuro. Regalade os terreos, ou vendédeos baratos. E dade as graZas.'

Canteiras no Courel

A Xunta cre preciso impulsar firmemente as 'pizarras' no Courel. Será polo seu impacto na melloira do nivel adquisitivo dos veciños? Polo crecemento da poboación? Pola melloira dos servizos? Polo traballo de calidade? Polo turismo que atraen?

Cidade da Cultura

Necesaria, útil e imprescindible. E grande. Hemerotecas con xornais expandidos. Pasou o tempo dos arquivos comprimidos. Traballo para todos. Ponte entre nonseique e nonseicanto. Buena, Bonita e Buena e Bonita. Como a casa de cultura de sempre con cerrolo na porta, pero de todos os galegos.

Fervenza do Ézaro

Inaugurada por Fraga en agosto do 2000, esta singular fervenza destaca por facer do Xallas o único río en Europa que desemboca de tal xeito no mar (os domingos).

Casas de cultura

Pensadas co cu de cultura. Casas: Sucesso; Cultura: Complemento Circunstancial de lugar/tempo/modo/

Os tres do Eixo

Xunto cos demais veciños da parroquia, esixían seguridade para non seren atropelados polos coches no perigoso vial que se viña de construír no seu barrio. Garantíronlles entre reixas. Máis seguridade non se ten visto.

Reganosa

De acordo. Aceptamos a ría de Ferrol como exemplo de mar aberto. Aceptamos que Tojeiro especulou "un pouco". Aceptamos Mugaros como lugar idóneo para unha planta regasificadora. Aceptamos polbo como animal de compañía.

Ecología

Territorio e Medio Ambiente: unha década catastrófica?

MARTIÑO NERCELLAS MÉNDEZ / XABIER VÁZQUEZ PUMARIÑO

Antes de pensar en facer país quizais habería que considerar qué é un país e cales son aqueles elementos que o definen. Puidera parecer, a estas alturas, unha pregunta retórica pero visto o escenario actual cabe máis que nunca facerse este tipo de preguntas.

Parece claro que a cultura e a lingua son elementos definitorios dun pobo. Pero quedarse neste punto é claramente deficitario e proporciona respostas sesgadas e miopes. Así, parece haber un certo consenso en torno a cuestións como a recuperación da lingua, un certo orgullo na defensa da nosa cultura e no recoñecemento das nosas raí-

mamente dependente dos combustibles fósiles, é claramente insostible. Tal vez o transporte é un luxo para boa parte da poboación (cál é o prezo do barril de petróleo?) limitando así as relacións persoais e económicas. O territorio está fortemente desestruturado e segue a haber un número inxente de mortes en estrada e forte contaminación difusa.

Non se apostou polo artellamento do territorio con transportes públicos colectivos rápidos, eficaces e baratos.

Enerxía

O consumo continuou medrando a un ritmo impar-

2018 estase a discutir o traslado de Reganosa fóra da ría.

A sobreexplotación dos mares, ademais de contaminación e outros cambios, fixo que estea a rematar a actividade pesqueira e como consecuencia as piscifactorías están xa pechadas pois non teñen subministro de penso (obviouse intencionadamente esta relación no seu día). O mercado chino, e os seus 18.000 km de costa fixeron o resto.


Auga

Complicada situación co uso dos recursos hídricos debido á errática política de planificación sobre o territorio: problemas de abastecemento,

Biodiversidade

Esto foi algo que nunca importou. Como consecuencia de todas as políticas anteriormente descritas a día de hoxe asistimos a unha simplificación do medio natural. As especies ameazadas están extintas e moitas, comúns ata hai pouco, fican arestora en vías de desaparición. Como exemplos paradigmáticos, o lobo ten agora unha poboación dez veces inferior, a aguia real, o arao e a pita do monte nin existen. Só hai especies xeralistas, pragas e un bo número de especies exóticas.

Mentres que podemos contemplar grandes exten-



ces. Mais todo isto non xurde no baleiro senón máis ben nun espazo físico e nun territorio concreto cunhas características peculiares que son o molde do propio país. Así, dende o momento en que damos por bo un modelo de xestión do territorio baseado na depredación sobre o mesmo, atacamos directamente as nosas sinais de identidade e á propia cidadanía. Antes de facer país hai, dende logo, que non desfacer país.

A responsabilidade é de todos. Máis son os gobernos coas súas políticas de xestión do territorio os que teñen a chave para a sustentabilidade do noso territorio nos próximos anos. A modo de exemplo ofrecemos dez ámbitos nos que se librará a batalla polo territorio nos próximos dez anos segundo fagamos unha política responsable e sostible ou nos deixemos levar polo produtivismo caduco baseado en ideas preconcebidas sobre o país e a economía, máis propias de hai medio século. Hai claras evidencias globais da imperiosa necesidade de mudar modelos de desenvolvemento actuais, incorporando a variable ambiental, e xa vai sendo hora de que nos decatemos e non desperdiciemos dez anos máis, luxo inconcebible na era da información: entremos os antigos manuais.

Infraestruturas de transporte

O modelo de construción de grandes infraestruturas, como autoestradas, AVEs, etc., altisi-

ble, tanto das enerxías fósiles como de todas as demais. As enerxías alternativas, como a eólica, demostraron que non eran alternativas senón complementarias, pois non se reduciu a emisión de gases de efecto invernadoiro.

A equivocación foi seguir apostando por un modelo de produción centralizado ao dictado das grandes corporacións enerxéticas e deixando poucas posibilidades para a produción descentralizada da enerxía. Neste contexto, a contribución das políticas de eficiencia enerxética quedan practicamente anuladas.

A urbanización do territorio

A política do cemento e do ladrillo seguiu sendo o motor económico e así non houbo xeito de trocar a estrutura urbanística do territorio. A urbanización do mesmo continuou a ser tan dispersa como masiva. Preséntanse serios problemas de sostibilidade: hai dificultades de abastecemento de augas, xestión de residuos, de transporte, sobre todo cara ás grandes cidades, alto consumo enerxético, etc.

Non se apostou pola urbanización sostible, compacta e de calidade.

Litoral e medio mariño

A urbanización do litoral foi brutal. A costa está irrecoñecible por macropiscifactorías, urbanizacións (máis dun millón de novas vivendas), superportos, portos deportivos e instalacións industriais. No

altísimos custos en subministro e depuración, contaminación e ríos e humidaes moi deteriorados. As inundacións son un fenómeno común.

Foi pena non aplicar a directiva marco da auga xa dende o seu comezo.

Residuos

Foise incrementando exponencialmente a súa produción. As tres *erres* nunca se tomaron en serio pensando que coa incineración ou variantes facían desaparecer o problema. Os custos dispáranse ao igual que a contaminación.

Medio rural

Repítense, lustro tras lustro, políticas caducas meramente produtivistas sen ter en conta a sostibilidade das mesmas nas súas tres dimensións: económica, ambiental e social. Así, primaron as concentracións parcelarias ao chou, o cultivo intensivo de especies arbóreas de rápido crecemento (moitos en zonas concentradas) e a gandería industrial; mentres, descoidábase a formación dos recursos humanos e as novas tendencias dos mercados.

En consecuencia, continúan os incendios cíclicos de dimensións crecentes, a progresiva desertización do territorio e a práctica desaparición e marginalización da poboación rural residual. A práctica de facer grandes explotacións mineiras ao aire libre (Valdeorras, Caurrel, Terra Cha...) fíxose norma pois o medio rural é xa un deserto demográfico e cultural.

sións de cultivos forestais maderables, a penas podemos atopar bosques nalgun punto remoto do interior, onde só ficarán aqueles extensos e de renome.

A consecuencia é que a penas podemos atopar natureza silvestre. Quedan os documentais na tv.

Espacios naturais

Ao entender estes como parques temáticos para o uso meramente turístico están deteriorados e illados, incapaces de manter os ciclos bioquímicos por si mesmos e inaxeitados para cumprir a principal función para a que deberan ser concibidos, pois foron deseñados como unidades illadas no medio do territorio, incluso sen áreas de amortecemento ao seu redor. Non se concibiu unha rede de corredores de interconexión entre eles que garantirán a súa saúde.

Paisaxe

O país está irrecoñecible, é a Galicia non soñada. Non hai un só lugar dende o que un non divise varios elementos perturbadores de gran magnitude: centrais eólicas, urbanizacións, grandes infraestruturas de transporte, áreas desertificadas. O litoral é unha orla de cemento. As paisaxes de campiña tan só son apreciables en fotos antigas e os montes son gólgotas.

A paisaxe galega foi relegada a algunha literatura do século anterior.

Vémonos en dez anos.

Ecología

A minaría galega

JUAN RAMÓN VIDAL ROMANÍ

Galicia deixou de ser unha provincia mineira hai moitos anos. Os seus recursos mineiros de agora son exclusivamente os que se chaman minerais e rochas industriais: seixo, caolín, arxilas, lignitos, lousa, cuarcita e granito. Moito se ten louvado, para desgracia dos galegos, a potencialidade mineira de Galicia e de feito os seus recursos minerais foron moi variados debido á complexidade da súa xeoloxía que deu oportunidade á formación de xacementos minerais de todo tipo. Os primeiros empresarios dos que hai rexistro histórico que coñeceron e explotaron os recursos mineiros de Galicia foron os Fenicios. Esluída nas brétemas dos relatos con referencias xeográficas pouco precisas Galicia parece identificarse como algunha das Illas Casiterites. Pouco, se algo, fica daquela primeira minaría. Os seguintes en entrar en Galicia á procura, esta vez de ouro, foron os romanos. A súa explotación masiva do ouro deixou pegadas aínda hoxe recoñecibles en zonas como As Médulas, o val do Sil e o do Lor no Courel. Despois dos romanos foi no século XVIII-XIX a siderurxia rural que aproveitaba maus xacementos de ferro, (con moito xofre) a que fixo agromar unha pleiade de pequenas ferrerías e os mazos ou machucas por todo


o territorio galego nomeadamente nas provincias de Lugo e Ourense. As chatas de desta siderurxia de corredoiro foron a súa utilización como combustible do carbón vexetal e a súa contribución á desaparición das carballeiras galegas. (É curioso notar que as ferrerías foron manexadas por biscaynos e os mazos por cataláns). Nomeadamente de entre todas elas cómpre destacar a industria do Marqués de Sargadelos que arrasou as fragas do norte de Lugo primeiro para facer material de guerra aínda que despois se continuara coa cerámica de Sargadelos na súa primeira etapa. Na Segunda Guerra mundial novamente a guerra foi o motor da explotación masiva dos recursos da minaría metálica galega como é o caso do wolfram que en Galicia quer no norte de Portugal. Aproveitando man de obra barata, a economía da fome nunha versión galega do Klondike canadiano, os gambusinos locais andaron á procura do wolframio que logo vendían a alemáns ou ingleses segundo quen lles ofertara millor prezo. Din que moitos cargamentos de wolframio foron ter ao fondo do mar comprados polos ingleses para que os alemáns non poideran con aquel produto millorar as blindaxes dos seus carros de combate. E xa despois da 2ª Guerra Mundial

compañías estranxeiras (inglesas, francesas, canadianas e alemás) deron cabo dos últimos recursos mineiros galegos. No século XX chegou o tempo do expolio dos últimos recursos, os únicos que manteñen a maldita sona de Galicia como provincia mineira: as rochas e minerais industriais que son a coitelada mortal que vai acabar por unha banda cos recursos mineiros e por outra co medio ambiente. Todas estas explotacións son a ceo aberto, as que máis dano producen pois a súa explotación arrastra a xeración de grandes cantidades de entullos que ocupan mais espazo que o orixinal e que non hai outra solución que deitalas na superficie da terra. No caso dos lignitos xa esgotados, o resultado son inmensas escombres de difícil rexeración pola vexetación e inmensos furados que por lóxica se encheran coas chuvias dando lugar a grandes lagoas. É o único caso en que se ten restituído os xacementos ás súas condicións orixinais. Converteron en lagoas o que inicialmente o eran hai millóns de anos. Pero o que había dentro das lagoas converteuse en fume, cinzas e a queima dos lignitos transformouse en enerxía eléctrica que fuxiu, de novo para fóra de Galicia. A da Central Tér-

mica das Pontes, a prezo de saldo, foi parar integramente para a Factoría de San Cibrao e aproveitada para facer materia prima para envases de refrescos, papel para envolver bocadillos e agora muíños eólicos que xeran máis enerxía que novamente fuxe para fóra. Galicia é unha inmensa máquina de producir enerxía que non para de fuxir dela para deixar as ganancias fora dela e os refugallo que ninguén quere: lamas vermellas, cinzas e furados, para os galegos. O último capítulo desta vella historia é o das chamadas rochas ornamentais: granitos, lousas e cuarcitas. A industria da Lousa en datos fornecidos polas mesmas empresas do sector nin chegan a aproveitar o 1% do que estragan. No millor dos casos por cada peza de lousa que fica enriba dunha casa 99 mais agardan polo Xuízo Final na propia canteira de onde foron extraídas. Non é de extrañar este baixo rendimento pois estes terroristas ecolóxicos empregan o método da carga de dinamita e despois a apañar o pedazo máis grande que fique. O caso do granito é un

pouco menos dramático, máis semellante o da lousa. Aquí as ratios entullos producidos/material aproveitado son un pouco máis baixas. Entre un 20 e un 30%. Ou sexa por cada 20 bloques de granito fican na canteira tan só 80 bloques que nin se aproveitan.

Tal vez sexa este o sino de Galicia, conservadora ata no seu xeito de explotar os seus “recursos mineiros” da maneira máis primitiva que existe aínda que na vez de utilizar a cuña de madeira empregan a dinamita, e no millor dos casos o fio de diamante e o soplete de acetileno. Somos o último povo de Europa en explotar o seu territorio dun xeito tan suicida e irreflexivo.



A paisaxe inadvertida

MUNILLA & RUMBAO



Fotografía da Ría de Ares e Pontedeume en 1956, agasallo de Díaz Pardo a Luis Seoane

A paisaxe de Galicia está, penso eu, de saldo. Véndese barata, regálase. Se cadra é porque non sabemos o que vale, porque ignoramos que teña valor algún. Ignoramos e, polo tanto, somos inocentes. Igual que nunha desas novas que, de cando en vez, saltan aos xornais, nas que se dá conta do achado dun obxecto de valor mítico ou incalculable (...aquela ópera perdida de von Weber, a penúltima carta de Rimbaud dende Marsella) nun recuncho esquecido dunha casa. En efecto, estaba nesa caixa de papeis vellos que se levará aquel señor tan amable que nos limpou o faiado, o mesmo que agora vemos –velaí o tes no telexornal– vestido de etiqueta á porta de Sotheby’s. E nós a mirar con cara de pampos.

E que será a paisaxe? A paisaxe é un nivel de organización da natureza que se atopa xusto por riba do nivel de ecosistema. É tamén unha escala de percepción

humana que vai dende un ata unhas poucas decenas de quilómetros. Pero á parte das definicións que nos depare a ecoloxía da paisaxe, ou calquera outra disciplina científica ou técnica, a paisaxe é un constituínte fundamental do que nós somos. Conta Isaac Díaz Pardo que, nunha das súas viaxes á Arxentina, levoulle a Luis Seoane unha fotografía tirada dende Cabanas no ano 1956, con vistas da Ría de Ares e Pontedeume. As terras de labradío modelaban o relevo case a mollarse no mar. E apuntaba Díaz-Pardo: “O conxunto tiña unha gran beleza, hoxe diminuída pola especulación e pola cerril eucaliptización do país”. Cando Seoane ollou para a fotografía, rompeu en saloucos. “Era unha situación comprensiblemente difícil”: o sentimento da propia terra entendida como paisaxe foi demasiado para aquel home rexo e sensible. Si, a paisaxe é a pel e as formas

da terra, pero, dalgunha maneira, posúe a capacidade de apoderarse dun pedazo da nosa alma. Para os románticos do XIX, a contemplación da paisaxe constituía unha experiencia estética transcendente: é dicir, que facía do individuo mellor persona. Por moito que a paguen, a paisaxe véndese sempre barata.

Pero é que a paisaxe é tamén un recurso vivo e mudable que pode ser explotado para beneficio noso sen necesidade de destruílo ou degradalo. E manteño ademais que é un recurso dos máis importantes cos que conta este país, máis valioso que tódolos quilovattos limpos e que tódolos rodaballos mansos (por mencionar os dous tipos de industria que deterioran e desfiguran a península do cabo Vilán, a primeira paisaxe protexida de Galicia, alá polo ano 1933). Máis que tódolos eucaliptos para moer, que tódolos minutos que se poidan aforrar –ninguén sabe para que– nas vías e autovías abertas a macheta, que tódolos portos exteriores, que tódalas vivendas baleiras e tristes... Insistir nun desenvolvemento baseado en todos estes *tódolos* e *tódalas* está moi ben, se o que se pretende é xuntar cartos e liscar axiña. O cambio de paradigma é, porén, claro: trátase de traballar “dentro” da paisaxe e non “ás costas” dela. Este cambio urxente require dun certo tempo para pensar, un novo pouso na mirada e, como di meu amigo Moncho de Grobas, *quererlle máis á terra*.

Antoloxía do disparate II

Urbanización salvaxe

Regla de catro: Dado un lugar salvaxe X, constrúes N edificios para vender a un número de xente R que quere apartamentos para veranear en X... Unha vez construídos os N edificios, segue sendo X salvaxe? e se X xa non é X por non ser salvaxe, seguirá R querendo veranear alí? Ou que?

Energías renovables

Estragan os montes, acaban cos ríos, non xeran emprego, ...pero, en fin, son renovables.

Compañía de Radio Televisión de Galicia

A única, a auténtica, a inigualable. A Compañía de Radio Televisión de todos os galegos e de todas as galegas. A de Gayoso, a de Piñeiro, a de CTV, a do Grupo Voz, a do Correo Gallego, a do Partido Popular, a do Partido Socialista, a do Bloque, a de Caixa Galicia, a de Tojeiro.

Novo Estatuto

Grazas á existencia dunha identidade clara de quen somos e de onde estamos, á calidade intelectual e moral da nosa clase política. Á actitude negociadora duns e á man esquerda dos outros. E grazas ao interese polo país por diante de dinámicas partidarias espúreas, podemos hoxe en Galiza, presumir do novo estatuto que temos.

Incendios

A solución non é plantar bosque autóctono nin loitar contra o abandono do rural. Menos churrasco, menos fumar e que chova.

Porto deportivo de Cangas

Obra pública que como é desexable en calquera actuación urbanística no país, entronca perfectamente coa identidade do territorio no que se sitúa: o Morrazo

PXOM de Vigo

Vigo sen vivir en min, e tan alto Vigo espero, que Vigo porque non Vigo e Porro por Caballero

(Do poemario *Castrillos en el aire*)

Campos de golf

Todo o que sexa apoiar o deporte de base e a mocidade, e todo o que sexa loitar pola dinamización da nosa cultura e dar resposta ás reivindicacións históricas dos cidadáns.... Todo iso, todo iso, é sempre motivo de satisfacción e alegría.

Lingua

A política lingüística do goberno bipartito

XOSÉ MANUEL SARILLE

Case todo o mundo concorda en que as principais iniciativas a prol do galego no último século débense ás forzas nacionalistas. Tamén se considera que se estas forzas deixasen de actuar, as demais tendencias desentenderíanse do problema. Por iso é importante coñecer a política do BNG, a principal organización nacionalista, porque así podemos medir as enerxías e com-

prender cales son os obxectivos que verdadeiramente se pretenden acadar. Imos analizar ese comportamento no goberno da Xunta de Galicia, xa que é a institución decisiva á hora de normalizar a lingua galega.

Despois das eleccións autonómicas, o PSOE e o BNG pactaron un programa de goberno que recolle cinco eixes centrais de goberno. Un

deles é a normalización da lingua galega.

Estamos pois ante un dos cinco puntos principais do programa. Ao cabo de dous anos e pico a fraude non pode ser maior. Cando incluíron este eixe actuaron liturxicamente, como se fai tradicionalmente nos plenos municipais de Vigo. Alí apróbense por unanimidade todas as iniciativas sobre lingua, sabendo, todos, que non se vai cumprir nada, mais precisamente por iso resulta áxil votar e pasar a outro punto.


Despois Pérez Touriño e Anxo Quintana deciden xestionar a política lingüística a medias, mais o quince de setembro de 2005 Quintana declara que "pola lingua non vai haber problema". O PSOE fíxose cargo e nomeou a responsable, que desenvolve o seu labor co mesmo criterio e obxectivos que os anteriores directores xerais do PP, é dicir sen a máis mínima idea.

Pero polas razóns expresadas ao comezo deste artigo convén non perder de vista a quen conscientemente perdeu a lingua de vista, é dicir ao BNG. Porque aquí é onde fan o truco os seítarios: para calmar os ánimos bótanlle a culpa ao PSOE da política lingüística do Bipartito. A isto apúntanse até

os deputados do Bloque. Mais a realidade é que a nomenclatura do BNG homologou definitivamente, non episodicamente, a súa política de lingua coa dos outros partidos.

Polo demais só hai tres asuntos que mencionar nestes dous anos e medio. Primeiro, o programa de goberno estipula o cumprimento do Plan Xeral de Normalización, mais nada se fixo nin se fará. Segundo, aprobouse un decreto que amplía o número de materias de ensino en galego; o Plan Xeral marca como meta un decreto semellante ao catalán con todas as materias en galego agás as linguas foráneas, mais aquí aprobouse un co cincuenta por cento, seguindo o modelo do PP nas Baleares; o grao de cumprimento ao cabo de tres meses de curso é nulo. Terceiro, fixeron unha campaña de sensibilización de pésima calidade.

Que move á cúpula do BNG a actuar así? Eu coido que o desinterese polo idioma, que para eles é un estorbo. Por iso practican unha impostura, predicando ritualmente a importancia do galego e despois inhíbense na práctica. E como na sociedade galega non se detectan outras enerxías coas que se poida contar, esta é efectivamente a crónica dun grande fracaso.



Cruzamos a linha?

VALENTIM R. FAGIM

Quando durante séculos, os habitantes de um país não presenciavam a sua língua nas bocas e nas mãos do poder, podemos concluir que nem existe país, nem língua. No seu lugar, uma rede vai-se desenhando por volta do próprio falar, aprisionando-o e marcando-lhe limites. No idioma da Galiza esta linha incontornável tem-se manifestado de três formas fundamentais e para cada uma delas o Sentido Comum (SC) tem elaborado máximas paralisadoras, aprimoradas geração após geração:

Limite 1: Há espaços sociais que a nossa língua não pode ocupar. Em 1870 era a poesia não folclórica, em 1951 as colunas dos jornais, hoje a TV por cabo. A formulação do SC (Sentido Comum) é "o galego serve para o que serve" às vezes seguida de "E na verdade não serve para muito".

Limite 2: Há palavras que não se podem dizer e sobretudo escrever. Em 1904 "Aos" e "Liberdade" (sic) eram PORTUGUÊS. Em 1971 o ILG afirmava que "Xornal" "Só" e "Estrada" eram, já não portugueses, mas LUSISMOS. Hoje, escrever como estou a escrever não é NORMATIVO. A formulação do SC é "o galego é como é e há que deixá-lo como está".

Limite 3: Há uma fronteira estatal que não se pode ultrapassar. Portanto, aceita-se o galego das Astúrias, ou de Leão e até de Cáceres mas não o de Portugal, o Brasil, Angola ou Timor. A formulação do SC frisa que "O galego e de Galicia (sic)" portanto de Espanha.

Estes três limites formam uma Trindade que como a sua versão Santa são UNA e Trina porque afinal fazem parte do mesmo processo de substituição linguística. E, no

entanto, as políticas linguísticas elaboradas desde 1983 tenhem-se alicerçado numa fantasia que sendo tão repetida acabou por fazer parte do SC do nacionalismo galego: é possível quebrar o Limite 1 sem quebrar o 2 e o 3. A sua formulação popular mais popularizada é "Primeiro normalizar e depois normativizar".

Tendo em conta que os galegos e as galegas fomos e somos educadas maciçamente para virar utentes de espanhol, esta fantasia tem-se tornado reforço precioso deste processo. O mecanismo repete-se todos os dias, a cada instante: quando os falantes de "galego" batem com uma limitação, por exemplo um espaço inexistente (revistas, filmes, internet) ou formas de denominar a realidade (união de facto, surto de gripe, Bento XVI), esta carência é preenchida mecanicamente em

espanhol. "Sempre" foi assim e rotular o português de ESTRANGEIRO só tem vindo a afiançar o processo, fechando assim a porta a qualquer modificação do Sentido Comum.

Sendo eu miúdo, havia no zoológico de Vigo uma gaiola com dous lobos. Confio que ambos tenham desaparecido de ali, a gaiola e o zoológico. Por ser o cárcere de dimensões reduzidas, os animais, quando acordados, passavam o dia todo a girar círculos de maneira compulsiva. Comentava-se até, embora poda ser uma lenda urbana, que dado dia os lobos foram trasladados para um habitáculo maior mas era tanta a força do costume que só utilizavam uma extensão mínima do novo espaço. O resto, para além dessa linha imaginária, simplesmente não existia. Ainda bem que não somos lobos.

Comunicación

Da prensa, e do xornal Galicia que Díaz Pardo non puido editar

MARGARITA LEDO ANDIÓ

En Galiza, ao igual que no resto da Europa, o período de entreguerras creaba as condicións que lle ían dar corpo, é dicir, un Programa, ás alternativas que se viñeran perfilando e que a nivel político vemos representadas no agrarismo, no nacionalismo e no republicanismo. A prensa, suxeito na historia, **pénsase como constructora da cidadanía** e entrelázase cos procesos –relativos– de urbanización, coa esixencia de liberdades, coa alfabetización pública, co aumento do poder adquisitivo e a idea de lecer, cunha nova concepción empresarial e profesional: necesidade de plan-teis estábeis, especialización, desenrolo dos xéneros xornalísticos, desenvolvemento das Artes Gráficas e das asociacións. É nese tempo cando unha xeración se mete a xornalista. Unha xeración acribilada con bala real no 1936. Como Johan Carballeira, corredor de comercio, poeta noucentista, alcalde de Bueu. Como Blanco Torres, interdisciplinar e independente, afas-

tándose de Portela Valladares ou fronte a Solá, o editor de *Vida Gallega*. Como Lustre Rivas. Como o viaxante de Calzados Senra, Víctor Casas, que aos dezaseis anos mercou un exemplar de *A Nosa Terra* no Cantón coruñés e en que a leu ingresa na Irmandade da Fala. É o seu director dende 1921 ate xullo do 1936. O 2 de novembro, dende o cárcere de Pontevedra, despídese por carta do arquitecto vigués Gómez Roman: “Reorganicen o Partido, e xa claramente, pois non pode ser dúbida para ninguén, cun matiz netamente esquerdista dentro das esencias vivas da personalidade de Galicia...” A identidade entrecrúzase cos intereses populares. Este é o modo de pensar que orienta ANT nos setenta. **Recollo a cita dende “Galicia Hoy”, de Isaac Díaz Pardo.**

O século XX comezaba para nós o ano 1916, o mesmo ano en que se congregan os primeiros dadaístas no “Cabaret Voltaire”, en Zurich, ao pé da ruela do espello e da morada no exilio de Lenín.

Comezaba cun chamamento, que rubricaba o xornalista Antón Vilar Ponte, a prol do idioma galego e que se metamorfosea na primeira Irmandade da Fala, en Coruña.

Os parámetros para a prensa diaria de masas, dunha ou doutra cor, é dicir con intereses e con ideoloxía, para **Faro** ou para **La Voz** como para **Noroeste**, **El Pueblo Gallego**, **La Zarpa** ou **Galicia** entroncan cos procesos de urbanización, cos primeiros xérmolos da aplicación de dereitos como os da alfabetización universal, co desexo de participar no común –queríamos ferrocarril e queríamos votar–, con conflitos á vista e coa posibilidade de facer medrar os sinais de que a vida mellora e de que o lecer –deportes ou excursións, sociedades recreativas, circos de artesáns...– é un ben social.

De xeito sobranceiro afirmase unha categoría, o público, non como unha abstracción, esa entidade que é



depositaria da soberanía, senón, como realidade plural e dialéctica, mudábel e extorsionábel, que pasa axiña para a idea de programa en vistas dun receptor colectivo para propostas das que formen parte os propios medios de comunicación.

Polifónica e nómada, a Xeración do 36 –que formou ao Isaac– métese por entre a historia terreal –por exemplo por entre os medios de comunicación– para lle dar continuidade, cos materiais a bordo e coa procura doutros mais afíns, á nación. Fai política, fai xornalismo, fai axitación.

Xestión Cultural

Adeus Carmiña

ALBERTO GARCÍA

Non vou explicar como se me pideo, a diferenza entre os modelos de democratización da cultura e democracia cultural. A diferenza entre os modelos baseados na oferta de actividade cultural e os baseados na demanda. Entre os modelos verticais e os horizontais... entre os previsi-

bles e os existencialistas, entre os grandes e os íntimos, entre os fríos e os emocionantes, entre os divertidos e os interrogativos, entre os espectaculares e os relacionais, entre os glamurosos e os cotiáns (Puig). Entre os que crean e sosteñen cidadanía e os que, en voz de Miralles, en vez de facernos máis cultos e libres, se teñen convertido nun

novo factor de desigualdade e distinción, que só aumenta a fenda entre unha minoría ilustrada e a maioría indiferente á apropiación da oferta cultural.

Non vou explicar as moitas diferenzas (e outras compatibilidades) dos dous modelos por varias razóns. A principal é que o discurso da importancia da sociocultura, da aposta pola implicación social a prol dun

sistema cultural máis forte e transformador, o discurso que sustenta o peso da nosa evolución cultural na compoñente social, xa non é aquela reivindicación histórica. O discurso da sociocultura é a día de hoxe un discurso “oficial”, o que é moi de agradecer por unha banda pero tamén nos deixa certa sensación irónica de orfandade dos tempos de Carmiña Burana, os Seminal Brothers e os inimigos íntimos que tan claros e trabucados referentes nos ofrecían.

A democracia cultural está hoxe plenamente asumida en Galiza, por unhas políticas públicas diferentes das anteriores pero sobre todo por unha sociedade máis viva que a de dez anos atrás. Unha sociedade que en termos estritamente culturais está evolucionando como o resto das sociedades occidentais: cambiando usos de simple consumo pasivo a dinámicas de colaboración participativa coas propias fontes de consumo. Pero ademais esta evolu-

ción social e cultural coincide no noso país cun renacemento social que entronca directamente coa revolución cívica provocada polo negro ronsel do *Prestige* e da resposta cidadá que suscitou, que ao meu entender supón un punto de inflexión crucial na historia actual de Galiza. Como di Manolo Rivas “de súpeto, o 1 de Nadal de 2002, os galegos transformaron o paraugas nun símbolo de liberación. Déronlle a volta á historia. Había un ser libre, polo menos, baixo cada paraugas. E xuntáronse como nunca antes se vira. Disque os estorniños voan xuntos e fan figuras no ar para espantar ás grandes rapinas. Unha arte defensiva. Chovía a chuzos e os galegos soltaron o pesadume do lombo e abrírono en forma de ás.”

Que ese espírito renacido e o optimismo co que se traslada neste texto, nos sirvan para reivindicar moitas veces. Desta volta a D. Isaac Díaz Pardo e a súa contribución á cultura galega contemporánea. Que así sexa.

Antoloxía do disparate III

Eólicos

Son xigantes, amiga ADEGA, non son muíños de vento.

Enerxía hipnótica galega

Portos exteriores

Unha boa nova. A demostración de que Galiza está aprendendo a xogar por bandas

O bosque autóctono:

Película galega máis ‘taquilleira’ da historia que situou a produción audiovisual do país na punta de lanza da animación europea e do mundo enteiro, facéndonos felices a todos e marcando un fito na historia da cultura galega. Evidentemente tivo que ser en debuxos animados. Era iso, non?

Clase política

Ahhhh. E que é moi fácil criticar. É moi fácil criticar. Pero outra cousa é gobernar, amigo. Se tanto sabes, goberna ti, ala, goberna ti, monta un partido, monta un partido, gaña unhas eleccións!!!

Protesta

Actividade que practican algúns disconformistas, manipulados sempre por outros, e que responde a intereses sempre espúreos e maniqueos, en contra da boa vontade e do bo facer dos gobernos. (Literal)

Medios de comunicación...

Interna

La Voz de Galicia: Periódico de Galicia, que mira por Galicia, por Caixa Galicia... Por Galicia y por cosas de esas.

El Correo Gallego: Periódico gallego, que no habla gallego pero tiene un hermano pequeño que lo habla y es orgullo de todos los gallegos (de los de Santiago más)

Faro de Vigo: Es de Vigo, habla de Vigo y se compra sobre todo en Vigo. Alguno en Orense

Otros diarios: Los hay de todo tipo: de progreso, de la propia región, que miran al atlántico, que tienen su opinión, con sus ideales, lo típico...

Resumindo:

Hai xente que di que hai problemas en Galicia. Como dicía Cholas que dicía Churchill, o ridículo é fixarse.



Educación

Que mal-a educación!!!

CONCHA FERNÁNDEZ

Parece mentira, se non se ve non se cre, agora que os nenos e as nenas pasan 10 anos ESCOLARIZADOS OBRIGATORIAMENTE (6-16 anos), veñen co Informe Pisa a dicirnos que cada ano imos a peor: que a maioría dos e das estudantes de Secundaria teñen serias dificultades de comprensión lectora e de expresión escrita; por non falar do calculo básico, das catro regras, que parece que só manexan as nenas máis avantaxadas.

A Familia di que a mala Educación é cousa da Escola, a Escola di que non é responsábel: que a Familia está desaparecida e delegou a educación dos seus fillos e fillas e, por outra banda, a Política Educativa non ten dirección nin investimentos para asumir a formación da cidadanía en sociedades complexas e "multi" (multiculturais, multi-rraciais, ...) como a nosa.

Vaia, que a culpa é de todos e a responsabilidade de

ninguén! E o caso é que, os mozos e mozas entenden pouco do que len e non saben expresarse, e iso sen ter en conta que case un 25% non consegue a certificación de Estudos Secundarios!!

Os políticos e políticas, mentres, están ocupados no debate sobre a Relixión e a Educación ético-cívica, como en tempos de María Castaña: antes de que se separasen Igrexa e Estado! Iso sí, todos garanten, a cal máis, que se estuden –non que se aprenda nada– 2 idiomas estranxeiros e se manexen os aparellos tecnolóxicos máis chic. O que non sabemos é como se fai para aprender 2 idiomas estranxeiros sen ler e escribir o propio... Tampouco para que imos empregar os aparellos, cada quen que se vaia entendendo!!

As nais e pais están demasiado explotadas e ocupados para que aos seus fillos e fillas non lles falte de nada (material, claro), e pouco tem-



po teñen para preocuparse da Mala Educación e doutras necesidades desas complicadas: afectivas, de formación persoal e en valores...

Falar de cooperación e coordinación –palabras ben difíciles, que tampouco se entenden nin practican– para resolver o problema é cousa duns poucos e poucas que seguimos acreditando que unha Boa Educación é a

mellor tecnoloxía para democratizarnos, superar as desigualdades de clase e conseguir cohesións sociais (todo moi de actualidade e moi interesante para a conversación, pero pouco para a produción).

Total que o da Mala Educación ao fin beneficia un pouco a todo mundo: mantén o estado das cousas: Pais e nais con máis tempo para traba-

llar... Fillos e fillas con menos presión e menos esixencias... Profes e Profas máis preocupados polo seu recoñecemento social e económico que polo fracaso do sistema... Administración Educativa ocupada en cambiar leis para que todo siga igual.

A quen lle interesan cidadáns e cidadás ben preparadas? Total para traballar e traballar en precario canto menos entendas, menos saibas e menos aspiracións teñas mellor... para producir máis capital para os máis capitalistas; que, penso eu, son os mesmos da idea de introducir o Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras. E tamén, os que venden cursos e cursos á carta para prepararnos para traballar "a destajo" en traballos tan valorados e ben pagados como repõedores, caixeiras, comerciais de obxectos sofisticados ou en servizos de seguridade dos mesmos señores e bens.

Comunidade

Unha experiencia de dinamización socio-comunitaria: as festas do barrio de San Pedro en Santiago de Compostela

PATRICIA PORTO PADERNE

O barrio de San Pedro é un lugar no mundo moi acolledor, se alguén de fóra vén vivir nel cando leva unha semana xa coñece varios sitios onde lle deixar as chaves a alguén se o precisa.

Xa presenta a priori unhas condicións axeitadas para o traballo de dinamización comunitaria, tanto no tempo como nos espazos e nas relacións, son moitas as asociacións e organizacións que levan anos traballando nel, existe ademais un gran número de lugares de encontro: pequenas tendas onde podes ficar a falar un bo pedazo, bares, moitos bares, entidades de vital importancia: asociación veciñal e os centros de dinamización sociocultural.

A idea de recuperar as festas xurde dentro da Coordinadora de Barrio e, despois de 15 anos, en 2003 vólvense celebrar as festas mobilizando o tecido social,

asociativo é empresarial do barrio.

A Comisión de festas, ao logo destes catro anos, viviu un proceso de consolidación interno importante como grupo humano reforzado polo apoio positivo de moitas persoas e entidades e funcionando como unha rede.

Os negocios do barrio son unha peza clave e implicáronse totalmente na recadación, na difusión e na programación. Unha das actividades do calendario festivo, a feira de artesanía na Rúa de San Pedro, botou os seus tentáculos fora das datas festivas e xa se fixo en dúas ocasións máis en colaboración coa Asociación de Comerciantes que se está a crear. Ambas as dúas con grande éxito de público e de satisfacción xeral. Isto beneficia a todo o mundo, potencia a economía local e aumenta a autoestima das e dos habitantes.

Para a planificación das

festas téñense en conta varios eixos clave:

- A participación e implicación activa dos axentes sociais ademais do traballo en rede
- A integración de todas as idades e procedencias culturais. Propóñense desde concertos de rock, reggae ou folque ate música de corais ou da Banda Municipal, dende teatro ate karaoke ou danza e poesía, incluída programación infantil.
- O uso do galego como vehículo de comunicación e de expresión
- A visibilidade e protagonismo das mulleres en ámbitos onde habitualmente non están presentes (concertos de rock, por exemplo).

En conclusión, tentamos conectar coa idea de festa tradicional aplicándolle valores e estratexias máis actuais e a fórmula, polo que parece, funciona, e moi ben.



Inmigración

Por unha cidadanía global e garantista

M³ CARMEN FIDALGO

*“Que te aman os teus fillos...; que os consume
Do teu chan se apartar;
Que ximen sin consolo, se a outras terras
De lonxe a morar van.”*

As verbas escritas por Rosalía de Castro sobre a diáspora galega ben podían aplicarse na actualidade á situación vivida por milleiros de persoas que deixan atrás a súa terra para buscar noutros lugares aquilo que non poden lograr no seus países. En resumidas contas, o mesmo que buscaban os galegos e galegas nos momentos mais álxidos da diáspora: paz, pan e traballo.

Máis alá de cifras e estatísticas, a evolución da realidade demográfica e do crecemento dos fluxos inmigratorios na Galiza pódese percibir dando unha volta por calquera cidade galega. Facilmente xa atopamos outras faccións e acentos, que denotan a presenza de veciños e veciñas chegados doutras partes do mundo, ansiosos por construír nesta terra unha nova xeira das súas vidas.

Aínda que no contexto galego as cifras relativas á presenza do colectivo inmi-

grante non son tan rechamantes como noutras comunidades do Estado español –unha vez que no noso territorio albergamos apenas a un 3% do total das persoas inmigrantes residentes en España– tamén estamos experimentando un cambio significativo, ao pasarmos de ser unha rexión tradicionalmente emisora de emigrantes a convertérmonos, pouco a pouco, en destino de inmigración.

Con todo, pese ao incremento do número de persoas estranxeiras que tivo lugar nos últimos anos, a desaceleración demográfica na Galiza aínda está lonxe de ser revertida. Segundo o Instituto Nacional de Estadística no ano 2006 esta rexión perdía case 8.000 habitantes con relación ao ano anterior. Aspectos como as baixas taxas de natalidade, o descenso do crecemento vexetativo e o avellentamento da poboación galega fan que o asentamento de persoas inmigrantes neste territorio sexa especialmente necesario e desexable para asegurar a sustentabilidade do sistema de pensións e demais prestacións sociais inherentes ao modelo de benestar europeo. Tamén o mercado de traballo local necesita a chegada da poboación inmigrante en sectores economicamente estratéxicos (na construción, hostalería ou pesca, por exemplo) ou de especial relevancia para a sociedade, como é o coidado de persoas maiores, nenos ou dependentes. Estes últimos nichos laborais son os que determinan outra especificidade da inmigración na Galiza que é a feminización. Cerca do 52% dos estranxeiros residentes son mulleres, unha proporción maior que no resto do Estado español. De feito, pódese dicir que o perfil da persoa inmigrante que se chega a Galiza é o dunha muller en idade laboral.

Na Galiza ademais, os fluxos migratorios presentan outras particularidades que nos distinguen das demais realidades españolas. Mentres

que en España o retorno de emigrantes españois e seus descendentes representa un 10% do total de inmigrantes, na Galiza esta cifra ascende a un 50%. Tamén a importante presenza da emigración transfronteiriza –pois o colectivo mais numeroso segue sendo o portugués con 15.470 persoas empadroadas– fai que a proximidade cultural e lingüística entre a comunidade autóctona e a inmigrada actúe como un posible factor de cohesión social e de acomodación mutua, facilitando así a tan desexada “integración” (palabra proferida e empregada ata o fastío polos responsables políticos e medios de comunicación) das persoas inmigrantes no noso territorio.

Deixando a un lado a perspectiva utilitarista e adoptando un posicionamento mais humano, nesta ocasión convidámoslles a reflexionar sobre o cerne da cuestión migratoria que se traduce no dereito que ten todo ser humano a buscar unha vida mellor, sexa onde sexa. No seu día, e aínda na actualidade, os gale-

gos e galegas puideron exercer ese dereito, deixemos agora que outras persoas poidan atopar na nosa terra a realización dos seus soños e a consecución dos seus obxectivos vitais, profesionais e académicos.

Comprometámonos a traballar de forma colectiva e articulada por unha cidadanía global e garantista, na que a convivencia respectuosa e solidaria e as achegas á sociedade receptora sexan máis valiosas que a procedencia, cor da pel ou que os “papeis”. Comprometámonos a recoñecer os dereitos, e tamén as obrigas, dos nosos novos veciños e veciñas e a colocar a dignidade humana por riba dos intereses económicos. É ese compromiso, que leva consigo un importante posicionamento político e ideolóxico, o que queremos construír en colaboración con todos vós, dende Galiza, pois entendemos que nel aséntanse os piares dunha sociedade verdadeiramente xusta, solidaria, cohesa, democrática e sustentable. En definitiva, entendemos que é o xermolo da tan desexada sociedade intercultural.

Comunidade

O espírito da aldea de Froxán: ou de cómo recuperar a vida e o patrimonio do Courel

VICTORINO REGUEIRO MUÑOZ

Na actualidade a Serra do Courel atravesaba unha situación crítica debido á falta de apoio por parte das institucións galegas. É necesario con urxencia inverter a tendencia de despoboación e a acelerada perda da súa riqueza patrimonial. É momento de facerse eco das reivindicacións da Plataforma SOS COUREL, e poñer fin á destrución do patrimonio e darlle saída a tanta riqueza dun xeito sustentable.

Hai uns anos descubrín O Courel. Para min era algo casi místico, polas historias que me contaban amigos que por alí van, a Hórreos, pobo-esquelete, baleiro, silencioso... e outros que me falaban de Vilar, do Lor...

Son unha persoa da cidade e nunca souben o que era a aldea. Cando era rapaz os meus compañeiros íanse as

fins de semana á aldea e eu non os entendía, falábanme dun mundo totalmente descoñecido para mín.

Por circunstancias da vida, acabei tendo unha casa nunha aldea do Courel, en Froxán. Aí descubrín un mundo diferente. As relacións entre as persoas que viven en Froxán son moi fortes, todos dependemos de todos. Cada persoa que habita Froxán ten un nome, todas as casas están abertas a calquera veciño e átrévome a dicir que a calquera persoa que pase por alí. A hospitalidade e a permisividade son un patrimonio, creo, casi exclusivo deste lugar.

Pouco a pouco e grazas as inxerencias dun grupo de veciños estase a conseguir que coas súas iniciativas mellore a situación da aldea.

A través dunha asociación

cultural e da organización de diversas actividades que van dende a recuperación de antigos labores como a ‘pisa’ das castañas, o ‘aserrado de madeira con serra de aire’, a organización de eventos coma o certame de pintura ao aire libre, as rutas de camiñada, marchas nocturnas, limpeza de camiños, etc. téntase poñer en valor a aldea.

Isto conseguíu darlle a aldea unha maior notoriedade e persoas que descoñecían a existencia deste lugar pasan a ser asiduos visitantes. Isto tamén trouxo como consecuencia un aumento da poboación. Abríronse tres casas que fixan poboación, rehabilitáronse varias e recentemente inaugurouse unha casa de turismo rural cun importante investimento e que tamén dá un gran renome. Volve haber pequenos na aldea, algo que

nas aldeas do Courel é un ben moi escaso. Coma en todo o rural galego, a poboación descende dun xeito vertixinoso.

Este ano houbo xente que se adicou á recollida de castañas e ao posterior secado nos sequeiros para a venda e con isto obter unha importante axuda para subsistencia. Tamén se creou unha industria que se adica á transformación da castaña, que elabora distintas tortas de castaña para as que utilizan fariña de castaña seca da zona. Todo isto na zona de Froxán

Courel, e Froxán en concreto, teñen grandes posibilidades e un gran futuro por diante. Un futuro que agora moitos vemos moi claro e que pasa por declarar o Courel Parque Natural, como única alternativa realista e acorde coas necesidades dun-

ha poboación abandonada dende sempre pola Administración. Courel hoxe é unha marca, unha denominación de orixe. Hai que valorar dunha vez o souto con todo o que iso implica para o desenvolvemento sustentable. Hai que intentar a recuperación da gandería e da agricultura e orientalas cara á ecoloxía. Por exemplo, en Froxán non se mercan sementes, senón que eles mesmos aproveitan a colleita anterior.

Hai que recuperar, catalogar e poñer en valor as albarizas, os sequeiros, as cabanas, os muíños, as ferrerías, as pontes, os castros, os camiños que unen as aldeas e que estiveron abertos até hai moi pouco tempo e poboados de sequeiros como os de Render, Mostaz, etc., en definitiva, O COUREL.

Territorio

Da necesidade (non satisfeita) de reiniciar a máquina de gobernar o territorio

PLÁCIDO LIZANCOS MORA

Porto exterior, aeroporto, polígono residencial, parque empresarial, parque ofimático e tamén parque natural, centro comercial e centro de ocio, conxestión e desertización, autoestrada, vía rápida e anel periférico, campus universitario, macrohospital, cidade da cultura, porto deportivo, ferrocarril de alta velocidade e de cercanías...

Estes son só algúns dos dispositivos funcionais cos que se está a construír –cunha inusitada virulencia– actualmente o territorio en Galicia.

¿Quen define eses dispositivos? ¿Quen os organiza, estrutura, coordina, programa, avalía...? ¿Onde se sitúan e como se dimensionan?

¿Prevéronse os seus efectos? ¿Sabe alguén se resultan afectuosos coa calidade de vida das xentes?.

Certamente o territorio non é algo intocable, que deba permanecer inalterado. É evidente que a paisaxe –a porción do territorio no que desenvolvemos as nosas vidas e actividades– é unha construción cultural, que modificamos a diario. É un cúmulo de signos e significados, de auras e de aberracións, sempre provocadas. Ten xa que logo a forma das vidas, dos soños e dos pesadelos. Moldéase cando desbotamos compoñentes que nos viñeron dadas en herdanza e tamén cando levantamos aquilo que deixaremos aos fillos. Mais o territorio tamén é un ben patrimonial, na medida en que soporta toda-

las actividades productivas e de aí que acadar valor de cambio.

De todo o que levamos dito tírase que construír un territorio non é un asunto menor, unha operación afectiva, de especulación sentimental.

Trátase dun exercicio da máis alta transcendencia xa que se deben identificar os signos e riscos que definen o espazo e establecer as prácticas –tanto as cotiás como as de longo alcance– que regulan a convivencia simultánea do patrimonio natural, dos sedimentos culturais, da presenza humana e dos dispositivos funcionais dos que falabamos na apertura deste texto.

Consecuentemente as condicións de goberno da paisaxe requiren moita responsabilidade. Non se trata só de administrar con ética os recursos da sociedade senón de tomar decisións certas e ter criterios racionais.

No seu beneficio o gobernante sabe que ninguén lle pide un poder omnisciente senón ao contrario, sabedoría para coordinar axentes diversos, incluso aqueles cos que non se identifica e tamén os que teñen intereses contrapostos; todo isto para obter de cada un deles achegas coherentes coas liñas xerais de actuación.

Habítanos nunha terra en boa medida torturada, onde a paisaxe está desnaturalizada. En zonas borramos as referencias do pasado e en moitos outros lugares non temos aínda as do futuro. Xusto é

dicir que isto ven de atrás. Que é consecuencia da acción política dos gobernos precedentes (probablemente dende a Idade Media), que exerceron o poder baseándose en limitacións e prohibicións, confundindo o goberno co desenvolvemento dunha sorte de tutela sobre os cidadáns. Así as cousas as leis, licencias, regulamentos, controis, axudas e subvencións durante moito tempo serviron de coartada a unha administración do territorio baseada na subxectividade, cando non no favoritismo turbio.

Construír o territorio de hoxe en diante precisa desterrar as prácticas antes referidas e exercer outro tipo de política, sostida en criterios e argumentos técnicos e racionais, transparente e amigable para cos cidadáns. Esta sería a necesaria conquista, da que o goberno progresista aínda nos é debedora.

Certo é que a maquinaria que se debe alterar é poderosa pois o seu funcionamento iniciouse como dicíamos arriba na noite dos tempos e algúns fíos ocultos aínda tentan mover o que ven como un teatriño de monicreques sen decatarse que é un país. Mais iso non xustifica a inacción ou, peor aínda, a toma de decisións tan determinantes e nefastas para o territorio como a apertura incondicional da planta regasificadora de Mugaros, o plan para a implantación de piscifactorías a esgalla pola costa adiante, a expansión das concesións mineiras no Caurel ou

as ameazadoras expectativas que autoestradas e vías férreas de alta velocidade abren na costa Cantábrica ou no Canón do Sil por non falar das consecuencias nefastas que sobre o futuro do país terán a dispersión de esforzos en materia de infraestruturas portuarias, aeroportuarias, universitarias ou culturais, que evidencian unha ausencia absoluta de planificación.

Mais non só foron asumidos e continuados proxectos e liñas de actuación como os arriba enunciados, nacidos dun sistema de goberno que vía no territorio o escenario para o exercicio avieso do poder senón que aínda non foron abertos outros proxectos e liñas de acción que confiábase nacerían trala renovación.

Falamos da construción das bases políticas, profesionais, sociais e administrativas sobre as que deseñar o documento definitorio do modelo territorial deste país. Un documento que –mirando aos nosos veciños, dos que algúns dispoñen de tal ferramenta dende o século XIX– sempre é activado dende a cabeceira do país.

A planificación territorial é un arma poderosa e absolutamente necesaria. A súa dilación nos tempos nos que andamos é fonte de conflitos que nos avergoñan e empobrecen.

Porque bochornoso é que 2.772.533 galegos –co seu goberno á fronte– comprobemos impávidos como un só deses cidadáns, propietario dunha mina, é quen decide o trazado do ferrocarril de alta velocidade que vai conectar

Santiago con Ourense. Tamén nos abochorna que empresas multimillonarias tiren negocio á nosa costa, na nosa costa. Tal é o que está a darse na cidade da Coruña, onde as arcas públicas teñen que financiar o traslado á periferia das instalacións que perigosas e polucionantes empresas teñen no centro da cidade para que as súas actividades non sigan a causar incidentes. O paradoxo non remata aquí, xa que a xestión ineficaz vai camiño de permitir que as plusvalías xeradas cando se desocupen as instalacións actuais non revertan na cidadanía nin tampouco se programe o traslado do cerne do negocio petrofinanciero: a refinaría que o *Generalísimo* levantou dentro da nosa cidade.

E estes son só dous exemplos que evidencian o moito que a planificación territorial ten que facer neste país (e que non sabemos se alguén dará feito).

Esperabamos que da renovación política nacera un goberno para o noso territorio. Mais por veces parece que o que aquí agromou foi unha empresa promotora de obras públicas. E ademais, unha empresa mediocre. Isto é, descordenada nos seus distintos departamentos, ineficaz á hora de cumprir prazos e por riba, empeñada en agrandar o aparello legal e burocrático que deu co país na desfeita que estamos a ver: unha metade estragada, sen pasado e a outra abandonada, sen futuro.

O futuro das aldeas e o sacho contemporáneo

ASER ÁLVAREZ

Moitos seguimos a preguntarnos aínda hoxe quen lle vai meter man ao fenómeno do despoboamento no rural, onde a poboación infantil descendeu un 80% nos últimos 25 anos e varias comarcas do interior lugués e ourensán perderon un 90% dos seus alumnos neste tempo. De seguir así a tendencia, nunhas décadas imos ter un auténtico deserto humano no interior do país, un espazo que ben podería ser “posto en valor” facendo un parque eólico, un plató ou mesmo unha finca de caza.

A provincia de Ourense perdeu máis de 6.000 habitantes en 5 anos, mentres que o parque móbil aumentou en 31.000 coches. Para moita xente isto é fartura e calidade de vida. É o que ten a modernización e o feito de que a poboación rural teña sido empurrada, social, económica e politicamente, a abandonar os seus valores, a súa paisaxe e tamén a súa lingua. O verdadeiramente curioso é que nestes anos se teña incrementado tanto o número de sachos, e máis aínda se a resposta

non ten nada a ver cos típicos sacholazos entre veciños. O certo é que o sacho é o tótem do taoísmo galego, coma o *ying* e o *yang* deste non país, un símbolo ambivalente que denota escravitude na aldea e que é sinónimo de poderío no xardín do chalé.

A agricultura e a gandería xa non son as actividades económicas principais no rural galego. A desruralización e a despoboación fixeron que boa parte da nosa terra ficara abandonada e inzada de piñeiros, eólicos e koalas. Ao mesmo tempo, a perda de importancia da actividade agrogandeira na economía rural coincide cun renovado interese da sociedade urbana contemporánea polos espazos rurais, para vivir, para mercar os seus produtos de calidade e para pasar o tempo de lecer. E velaquí unha oportunidade de desenvolvemento que non podemos desaproveitar, porque a valorización do hábitat e da paisaxe rurais, o turismo verde e o agroturismo son fenómenos contemporáneos e con proxección no futuro.

Os neorrurais andan á procura de boa parte dese mundo que esvaece e rastrexan as pegadas dun pobo que deixa de ser, sen que ninguén repare en que paralelamente se nos abren novas posibilidades económicas, sociais e culturais, se non as capamos. Xa abonda de asumir como naturais e inevitables as consecuencias do abandono do rural. A desaparición de determinadas paisaxes e o desartellamento territorial son as consecuencias deste declive e tamén son dous problemas políticos prioritarios neste país, porque coa desaparición dos elementos definitorios que conformaban o mundo das aldeas vanse tamén as pegadas dos nosos devanceiros e boa parte do noso patrimonio. Xa é hora de pararmos a desfeita e aproveitar as oportunidades de desenvolvemento rural que estas mudanzas nos ofrecen nun mercado globalizado. Xa é tempo, ao fin, de botar man dese sacho contemporáneo que todos levamos dentro.




ILUSTRACIÓN: PANCHO LAPEÑA

Entrevista con Isaac

Como che vai Isaac? Como xa sabes isto é para o xornal Galicia. A nós gustaríanos comezar a entrevista pelando a cebola, desde o máis coñecido para a xente que son as galerías, ata a esencia, que é o Laboratorio de Formas. Unha entrevista de Sagrario Quintela e Ana Triñanes para a Rede de Acción Socio-Cultural Arredemo.

Instituto Galego de Información, 11/01/2008

E volveron os sarracenos

SAGRARIO QUINTELA | ANA TRIÑANES

Falemos primeiro das 'Galerías Sargadelos', cando e onde?

A primeira foi en Barcelona no 1972. Resultou ben aquilo, e entón xa se montaron máis: en Madrid, logo veu a de Santiago. Á parte de que hai galerías a pé de fábrica, unha en Sargadelos e outra no Castro. Empezouse con Barcelona, e Barcelona tivo moito éxito, tal é así que para unha das exposicións que se fixo sobre Castela redactou o texto Salvador Espriu, o cal quere decir moito do aprezo que se lle deu alí á Galería. Hai que darse conta que ao cumprírense os 30 anos desa galería o concello púxonos unha placa dedicada a Luís Seoane e a min.

Isaac, por que Milán e non París, por que unha galería en Sevilla e non noutra cidade?

Ben, verdadeiramente as galerías tiñan que montarse en cidades que tivesen unha certa importancia, porque, claro,

hai que vivir tamén. E hai que vender. Onde hai pouca xente hai poucos compradores e menos xente que lé. E como se trataba tamén de arte e de libros... A galería de Milán xa a sacaron. Xa a sacaron porque non entenden nada. Milán foi importantísimo, porque grazas a eso nos comunicamos con movementos máis importantes.

Que outros obxectivos tiñades á parte, evidentemente, da venda de cerámica?

As galerías están feitas –e neste colabora Luís Seoane– pensando en facer unha sala de exposicións e unha librería de libros galegos e portugueses; e dicir, volcar o espírito do Laboratorio de Formas.

Foi entón a venda de cerámica nas galerías o respaldo económico do voso proxecto?

Si, nese sentido, comercialmente, veulle moi ben ás fábricas. Tal é así que o

noventa e tantos por cen das vendas das fábricas fíxose nas galerías.

O museo Carlos Maside comeza no 1970, é outro dos pilares que sustentan a dimensión cultural de Sargadelos...

O museo Carlos Maside é o primeiro museo de arte contemporánea que se dá en Galicia e que recupera o movemento renovador. Agora hai moitos movementos, moitos museos de arte contemporánea. Pero o primeiro, o primeiro foi ese.

E por qué se escolle a figura de Carlos Maside?

Maside vén doutro momento, vén de que Maside deixa de albaceas testamentarios a Dieste, a Luís Seoane, a Borobó... Luís Seoane tiña idea de crear un museo pero non tiña a idea de poñerlle o nome de Maside. Pero entón a principal obra de Maside veu a parar ao museo porque eles

eran os albaceas. Acordaron entre Luís Seoane e Rafael Dieste. –A min non me tiveron en conta–, de chamarlle así, e os demais estaban de acordo co que facía Seoane, un tipo excepcional. Despois de Castela é, indubidablemente, a figura máis importante que tivo Galicia na recuperación da súa memoria.

Si, en Edicións do Castro, Seoane fixo moitos libros, entre outras moitas cousas: as cousas que fixo sobre Dieste, sobre Castela. O que pasa é que Luís Seoane hai 29 anos que morreu, e el na democracia estivo pouco tempo porque Franco morre no 75 e catro anos despois xa morre Luís Seoane.

“Seoane, un tipo excepcional. Despois de Castela é a figura máis importante que tivo Galicia na recuperación da súa memoria”

E os primeiros fondos, como se adquiren?

Os primeiros fondos que alí hai aí son de Seoane e meus. E sobre a base de América viñeron moitas cousas, obras das que nos fixeron depositarios a nós. Hai que darse conta que o Museo Maside era unha institución, como o Laboratorio de Formas, que vén de América e que ten contacto con todas as cousas do movemento galeguista. Por exemplo, unha das cousas que se gardan no IGI, é toda a documentación do Consello de Galicia, do Consello de Galicia creado por Castela. Ben, pois desde a súa creación aquí depositáronse todas esas obras e os liquidadores finais, xa no oitenta, pensaron “a quen llo deixas?” Ese movemento político non lle interesaba a ninguén en Galicia e os fondos deixáronos aquí, é dicir que somos nós os herdeiros do Consello de Galicia do goberno no exilio.

É increíble que puiderades facer tanto nun tempo tan escuro, por exemplo Edicións do Castro...

Fíxose! Non foi porque fósemos moi listos pero eramos un pouco zorros. Entón andabamos a xogar (risas). E como primeira cousa que fai Luís Seoane, como non pode matar os señoritos, fai un gravado do Meco. Quen o matou? Matámolo todos. Dalgunha maneira, así foron as primeiras cousas que fixo Edicións do Castro.

Seoane era un gran deseñador gráfico. Como recolle Edicións do Castro esa faceta súa?

Sorprende que Edicións do Castro recupere os fondos de Ruedo Ibérico. Cántanos.

Eu estaba viaxando, porque tiña que viaxar moito. Chego a Madrid e atópome con “25 años de paz” en galego, en catalán e en vasco, que sacaba o Ministerio de Información y Turismo. Pero que pasou aquí? Unha revolución? Pero que pasa?. Pois si, van a sacar un libro de Castela con zocas e con pandeireta. Non me digas!! Entonces eu fun a París e tiña xa relación cos de Ruedo Ibérico e díxenlles “Hai que facer inmediatamente o ‘Castela político’ (El pensamiento político de Castela. Antología. Introd. y select. de Alberto Míguez) para contrarrestar o ‘Castela folclórico’ que ían facer. Ben, fíxose e dixemos que o prólogo o fixera, non un roxo coma nos, senón que o fixera un rapaz dos novos e fillo dun falanxista: Alberto Míguez. De aí toda a relación co Ruedo Ibérico. Tanta relación que Ruedo Ibérico foi morrer ao Castro: os catro libros últimos publicáronse e editáronse no Castro.

E no principio foi o Laboratorio de Formas...

O Laboratorio de Formas é unha institución que ten unhas raíces e na que estaban unha ducia de galegos. Ademais de Luís Seoane, Rafael Dieste e Lorenzo Varela, están Lois Tobío, Vilanova, Méndez Búa. Está Arturo Cuadrado. Están artistas como era Laxeiro, estaba tamén Neira Vilas. (Todos os demais morreron... aquí non queda nin dios). Entón esta xente preguntába-



ILUSTRACIÓN: SUSO SANMARTÍN

se, que se fai cando volvamos a Galicia? Pois chegouse á conclusión de que o que había que facer era recuperar a memoria histórica, porque as cousas todas que creara o movemento galeguista, o movemento dos que tiñamos conciencia galega desaparecera. Por exemplo, e fundamentalmente, o Seminario de Estudos Galegos. No Seminario de Estudos Galegos estaba metido todo. Luís Seoane e máis eu recolleamos a idea de que se podía facer unha institución que tratase de recuperar a memoria histórica, que se desenvolvese por aí, nesa liña. Logo, como necesitábamos ser unha institución que tivera que ver coa construción e co deseño solicitamos un arquitecto e incorporamos a Albalat, cando xa estábamos aquí. Con el estivemos a traballar constantemente para facer as cousas do Castro; en fin, sempre nos entendeu ben.

como a Bauhaus, coma a Ulm, morren por accidentes políticos. O Vkhutemas morre no ano 30. Hai que darse conta de que os movementos de vangarda apoian a Revolución Rusa, e claro, os artistas que non eran de vangarda, que facían paisaxiñas e cousas así, pois estaban resentidos. Entón o estado soviético impuxo a creación dos sindicatos de artistas e os sindicatos de artistas empezan a nutrirse de xente resentida, mediocre, e chegan a ter maioría dentro dos sindicatos. Varren coas vangardas históricas e botan abaixo todo. A Bauhaus morre por Hitler. Os principais directores tiveron que exiliarse. Aí non quedou ninguén. Eses morren politicamente. Ulm nace por ese Max Bill, que é un discípulo da Bauhaus e que lle propón ao concello de Ulm facer unha cousa en recordo das vítimas do nazismo. Está moi recente o remate da guerra e aínda ten prestixio a




ILUSTRACIÓN: FAUSTO ISORNA

“Somos nós os herdeiros do Consello de Galicia, do goberno no exilio”

Podería establecerse unha conexión directa entre o Laboratorio de Formas e as vangardas de entreguerras e proxectos coma a Bauhaus? Verdadeiramente dese terreo estábamos máis informados do que se estaba aquí, porque na Arxentina había máis información de todas esas cousas. E xa no manifesto que se fai no caderno número un do Laboratorio, xa se fala da vangarda soviética, que é a que dá un avance no tempo, porque había unha situación historicamente nova, unha arte e unha concepción da vida novas. Entón esta era a idea que se nuclea no Vkhutemas, que nace ao tempo que a Bauhaus. O movemento soviético está por riba da Bauhaus, pero a Bauhaus está tamén colaborando co movemento que hai en Rusia. Verdadeiramente o movemento da Unión Soviética está influíndo sobre toda Europa, e dicir, é unha liberación que había no mundo, que estaba movendo toda Europa. Os rexímenes fascistas créanse para os proxectos da burguesía mundial, para loitar contra o comunismo... esa é a cousa. Logo da Bauhaus, hai outra institución que é a Escola de Ulm, unha localidade de Alemaña. Cientificamente foi a máis pura escola de deseño que houbo. O curioso é que as tres institucións, tanto a Vkhutemas

URSS. Aceptaron a cousa e crearon unha institución importante. Pero ao cabo de 15 anos as cousas cambiaran en Alemaña. Os norteamericanos xa dominaban a sociedade de consumo. A vinculación coa Unión Soviética xa non importaba tanto, e cortáronlle o diñeiro a esa institución e morreu tamén. É dicir, que morren as tres institucións da mesma forma, por trampas políticas.

E mira ti, agora tócalle ao Laboratorio de Formas...

Vai morrer da mesma forma. E eso que o Laboratorio de Formas nunca pediu un real ás institucións públicas. Fíxose por autofinanciación. Comprando, vendendo, traballando e facendo cousas. Nunca pediu nada. Porque todas aquelas institucións vivían do Estado.

Os edificios de Sargadelos, O Castro, O IGI, constitúen un conxunto arquitectónico singular, se cadra iconas dunha posible arquitectura galega...

Aí discutiuse moito. Tal é así, que o Andar Circular de Sargadelos se inaugurou cun congreso de deseño e arquitectura. E todos estes arquitectos novos que andan agora por aquí, verdadeiramente todos estiveron nos congresos eses que se fixeron alí en Sargadelos. Si, tiña importancia. Todo eso tiña importancia

Os mobles, as cores, as formas?
Si, todo eso vai relacionado.

Representa o Laboratorio de Formas a vontade de influír na sociedade por medio do deseño?

Había unha idea en concreto. Ademais, volcáronse moitas cousas. Non era simplemente unha escola de deseño, porque había un museo, había unha editorial, había un Laboratorio Xeolóxico, había

No 64 créase Sargadelos a partir dun programa do Laboratorio de Formas. O Castro era unha cousiña pequeniña. Estaba feito nuns galpóns que tiñamos alí. É algo que tivo éxito pero non estaba ben montado. Ao cabo dun tempo teño que marchar á Arxentina. Monto alí unha fábrica e desde alí empezamos xa a planificar, a conseguir posibilidades económicas. Fíxoselle unha nave enteira que proxectou Alba-

volvían actividades educativas, organizaban intercambios, encontros entre deseñadores...

O Seminario de Sargadelos era un encontro para discutir. Alí facíase teatro, estudos económicos. Téñense feito cousas dunha grande importancia. Espontaneamente, os encontros do Seminario de Sargadelos en agosto convertíronse en internacionais. E nunca se lle puido dar abeiro a todo, porque se solicitaba moito máis do que tiñamos capacidade. Eses encontros duraron 35 anos, e pasou por alí do mellor. E funcionaron moi ben. E eso víñalle moi ben a todos, porque traían ideas novas. Porque había un contraste do que facíamos nós co que se facía fóra. Moitos quedaron alí colaborando en facer cousas. Pasaron máis de 2.000, participantes. E non se permitía que a xente repetira. O Seminario é unha sociedade á parte de Cerámicas de Sargadelos. Esa aínda a domino eu. Era a alma de Cerámicas de Sargadelos, o control técnico e artístico. O departamento tecnolóxico.

Como nace o Instituto de Cerámica da Universidade de Santiago?

Nace por unha sociedade, que a organiza Andrés Varela. As sociedades cerá- ►

“Nas vangardas había unha situación historicamente nova, unha arte e unha concepción da vida novas”

a recuperación do Seminario de Estudos Galegos, había un Seminario Tecnolóxico e de Comunicación. En fin, son doce sociedades e outras cousas que non son sociedades. Nin o Museo Carlos Maside, nin o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, nin Edicións do Castro son sociedades. Son moitas cousas as que reúne esto.

lat, o que é o Castro agora. Despois creamos Sargadelos. Xa cun espírito. Co espírito do Laboratorio de Formas. Non ía ser unha cousa comercial nada máis, senón que tiña que ser algo que estivese ao servizo de Galicia.

Pero e que ata as propias fábricas de cerámica desen-

► micas constitúense nunha asociación, presentan un proxecto a Europa, e Europa dálles uns cartos. Ademais, estaba amparado por unha sociedade que tiña prestixio, como era o Seminario.

A recuperación da memoria histórica era fundamental para vós. Tes a impresión de que, dalgunha forma, se está desvirtuando?

O que pasa é que, neste país... Non sei se nos demais será así, pero este país está cheo de xente que inventou a pólvora.

Por iso temos tantas minas agora (risas). Pero que entendedades vós por memoria histórica?

Inventan a pólvora. Non me digas! A pólvora inventárona os chinos hai máis de mil anos. (risas). Pero a Memoria Histórica, quen a trouxo aquí realmente, foron os nosos. Aínda non nos fixeron caso de nada. E agora claro, como todos son inventores da pólvora... Había que recuperar a memoria sen ningunha intención de revancha. Había que recuperala porque estaban ocultas todas as cousas. Nós intentámbamos recuperar a memoria histórica en todos os sentidos, non simplemente como se quere agora. Escavar na terra para mirar os ósos que teñen os mortos. Eso é o de menos. A meu pai tamén o



FOTOGRAFÍA: GZIFOTO

inmolaron pero nunca se me ocorreu ir a... Interésame a memoria del, pero non me interesa contarlle os ósos. Por exemplo, unha das cousas que queríamos recuperar oficialmente era o Seminario de Estudos Galegos, porque foi a orde máis importante que machacou o réxime. E tiña un prestixio. E oficialmente non houbo posibilidade. Eso é unha cousa

grave. Eso xa é serio

Pois ao mellor hai que poñerse serios...

Esto, o que pasou aquí en Sargadelos para nós, para min sobre todo, pois é o mesmo que pasou no ano 36. No 36 foi a ocupación do país... pero nós quedamos sen nada, sen nada de nada. Porque se apropiaron desto e do outro e destruíron aquilo, pero non nos deron unha peseta para nada.

Realmente para min son os mesmos. Son os mesmos que fan esa cousa. Aqueles fixérono en nome da nai patria, *madre patria que los pario a todos*, pero non se sabe o que é pero vén a ser o mesmo

E como ves a continuidade do Seminario de Estudos Galegos?

O Seminario de Estudos Galegos está aquí, no IGI. E imos ver, porque hai moitas posibilidades aínda de facer cousas. Posiblemente o mellor é que todo o labor cultural desto se recolla nunha institución pública e hai que entregarlles todo. Porque claro, aquí hai moitas cousas.

E que vai ser do Museo Carlos Maside?

Pois o que ten máis garantía é que pase a unha institución pública, porque dalgunha maneira as institucións públicas, con todas as dificultades que teñan danlle continuidade ás cousas. Hai que darse conta que moitas institucións e museos foron capaces de atravesar os períodos máis difíciles da historia deste país, como no glorioso meneo ese do ano 36 (risas). Pero seguiron vivindo. Non se perderon todos. Claro, porque os movementos políticos despois quedan como movementos históricos. De algunha

“Creamos Sargadelos co espírito do Laboratorio de Formas. Non ía ser unha cousa comercial nada máis, senón que tiña que ser algo que estivera ao servizo de Galicia”

maneira, é a forma de que queden as cousas, pois o Museo Carlos Maside é preferible que quede nunha cadea de museos da Xunta, e non que quede nas mans deses vendetodo.

E o xornal Galicia, por que nunca viu a luz? Porque creo que aí hai moita información...

Eso obedece a que Valentín Paz Andrade formaba parte do comité informativo no ano 24 ou 25 dun xornal que se chamaba Galicia. Entón propuxo revivir outra vez o xornal... En cambio estábanse a crear outros diarios a costa dos que xa estaban creados, e así, mentres un xornal independente era difícil poñelo en marcha economicamente, funcionaba que La Voz de Galicia fixera un na Ría da Arousa, en Ferrol... ata sete ou oito. Utilizaban os recursos todos, maquinaria, información, persoal... todo eso, para facer outro noutro lado. Isto era a base fundamental de "Coidado!, non nos imos a meter nun lío e aruinalo todo para crear unha cousa así."

Por outro lado, isto xa persoalmente meu, pois os que apoiaban isto morreron todos pero o certo é que non apareceu tampouco xente compro-

metida con facer algo a fondo. Verdadeiramente, a prensa galega non está a facer, non está a meterse a fondo cos problemas. Posiblemente non hai posibilidade, eu non digo que... pero é posible que non haxa forma de levar iso adiante, atacando os problemas básicos de Galicia, a economía... porque hai moitos intereses. Como se vai falar? Como se vai recuperar? Se todos os medios están nas mans dos mesmos que crearon estes, que non teñen nada que ver con Galicia. Entendo que non poden facelo, que estes non poderán facelo. Ao mellor podemos facer as cousas en editoriais que dalgunha maneira queden aí, que algunha influencia poden ter. As exposicións que se fagan poden tratar de recuperar algo da memoria histórica... E ben, non saíu. E agora tocovos a vós.

Pero ti xa tes traballado moito... témosche que dar as gracias...

Que me vas decir!! Así vinieron los sarracenos, decía Unamuno. "Vinieron los sarracenos y nos molieron a palos, que dios ayuda a los malos, cuando son más que los buenos" (risas). Cando os malos son máis que os bos, Dios ponse de parte deles!

“O Museo Carlos Maside é preferible que quede nunha cadea de museos da Xunta e non que quede nas mans deses vendetodo”



FOTOGRAFÍA: ROBERTO RIBAO

Arquitectura

Unmonumental

PEDRO DE LLANO

En que consiste facer arquitectura para a cultura? Esta é, por razón de sobra coñecida, unha das cuestións máis actuais en Galicia, aínda que tan recorrentemente coma mal formulada. Por isto quixera abordar o tema dende o punto de vista da arquitectura e a cultura, non dende o da presión mediática ou do dos intereses de partido –que, por desgraza, é o que rexe o debate no noso país–, e facelo apoiándome en algo tan remoto

como pode ser o traballo de dúas creadoras de Xapón. Hai un mes escaso, o Bowery, unha área en torno á que sempre se moveu o mundo da contracultura neioiorquina, viviu o nacemento dun novo espazo para a arte e a cultura coa inauguración dunha exposición cun título tan suxestivo coma *unmonumental*, é dicir: non monumental, non maxestoso, non pretencioso.

Na gran capital da cultura occidental abríase, así, un novo lugar para a creación desde a convicción de que a cultura non é algo que deba ser ofrecido en descomunais, artificiosos e custosos contedores senón en austeros recipientes nos que o protagonismo sempre será dos seus usuarios.

Unmonumental é unha mostra na que artistas de distintos lugares do mundo anuncian, coa chegada do novo século, a morte do monumentalismo, definindo as súas obras con materiais reciclados que eles converten en insólitos elementos para a comunicación.

O noso tempo esixe un novo xeito de vivir a cultura, parecen dicir os artistas presentes na mostra. E, para isto, elixiron o inigualable edificio deseñado, para o New Museum, por unha creadora coa sensibilidade dunha Kazuyo Sejima que, no desaliñado Lower East Side, parece empeñada en demostrarnos que o noso debe ser un tempo alleo a “grandiosas obras mestras”.

A proposta de Sejima, sen dúbida unha das máis transcendentes contribucións da arquitectura á cultura mundial do século XXI, é unha proposta directamente centrada en dar solución a un programa minuciosamente definido, coa máxima austeridade posible, cunha elemental e accesible tecnoloxía industrial, e unha linguaxe de fragmentos, procedente da cultura do seu contorno, sustentada nunha proposta claramente contraria á intemporalidade.

Sejima observou as arquitecturas do Bowery e os irregulares amoreamentos de caixas presentes na multitude de decrepitos establecementos comerciais nel existentes e converteunos nunha arquitectura con vocación de invisibilidade, concretando unha solución espacial e volumétrica dunha admirable elegancia.

O New Museum constitúe un lúcido exemplo dunha actitude de progreso baseada na convicción de que a calidade de vida dos cidadáns só pode crecer cualitativamente a través da súa actividade no universo da cultura. A cultura debe ser proxectada como motor dun proceso de desenvolvemento da humanidade, e a arquitectura que a contén debe, lóxicamente, responder a ese criterio. Debe converterse non nun lugar indefinido

senón nun lugar cunha personalidade concreta, nunca relacionada coa súa escala e alleo a calquera elitismo, no que o feito creativo poida renovarse constantemente mediante o seu acercamento aos cidadáns. Despois de todo, o deseño sempre foi cómplice dunha determinada visión da cultura.

O novo edificio de Sejima non parece ter o seu sitio, pois, entre os grandes e suntuosos edificios institucionais xurdidos, nos últimos anos, nas nosas urbes. Unhas construcións propiciadas polo poder político e fundamentalmente destinadas a captar a atención do público impresionando ao cidadán coa súa lóxica de maxestosidade e autoridade, mentres as nosas cidades seguen resultando cada vez máis torpes e alienantes.

É o narcisista e vacuo mundo da arquitectura do espectáculo.

Na arquitectura do espectáculo, o traballo do arquitecto límitase a conseguir formas máis colosais e impresionantes. Non existen regras nin límites. Todo é posible. Non importa a súa relación co contexto. Trátase, simplemente, de construír grandes decorados e o capricho do creador imponse sobre a auténtica arquitectura. A aparencia pasa a converterse na verdadeira substancia, e o espazo, verdadeiro protagonista da arquitectura, pasa a ser a simple consecuencia das peculiaridades do seu contedor formal.

Á hora de definilos preténdese buscar aos máis renomeados “creadores de formas”, xa que nesa arquitectura non hai límites para as formas, pero... ¿onde queda o home ao que deberían estar destinadas?

A finalidade desa arquitectura non parece ser, xa, a de servir como hábitat do individuo, e moito menos a de cumprir unha función social como contedor cultural.

Falamos, logo, dunha arquitectura que, defendida cos grandilocuentes e baleiros discursos dos aduladores de turno, como retóricas cortinas de fume que ocultan a súa falta de contido, foi deseñada á marxe de calquera programa. Unha arquitectura na que a súa principal finalidade é converter o seu resultado en propaganda sen importar a que se dedique. Esencialmente, foi entendida como

obxecto de contemplación pasiva no que a súa relación co espectador está, sempre, baseada nas dimensións duns enormes contedores entendidos como un modo de colonización do seu contorno. Nela non importa que a tecnoloxía utilizada implique un presuposto inalcanzable, porque o realmente importante é conseguir un resultado que impresione ás multitudes como mostra do poder dos seus gobernantes.

Despois de todo non estamos referíndonos máis ca a un simple espectáculo. A unha arquitectura allea á necesidade de xerar lugares que permitan desenvolver un determinado tipo de actividades á colectividade á que está destinada, e de aí a miña referencia a unha segunda arquitectura xaponesa.

Paseando polo New Museum e admirando a súa sobriedade, recordaba que, hai uns anos, visitei, nun barrio de Tokyo, un novo edificio deseñado por unha seductora creadora, chamada Itsuko Hasegawa.

Tratábase da Factoría Cultural de Sumida. Unha innovadora arquitectura convertida en estratexia ambiental, para intervir nun contorno histórico, propiciando unha intelixente interacción entre espazos públicos e privados coa forza plástica dun contedor formalizado como elemento referencial e comunicativo.

A súa pel –grandes pantallas curvadas de aceiro perforado, que a cobren como a onda dun tsunami–, establece un sorprendente diálogo coa vella paisaxe circundante e dá continuidade ás vellas rúas alí existentes permitindo desde o seu percorrido a visión dun continuo dinamismo interior que interrelaciona múltiples actividades.

Ese era o seu segredo. A Factoría Cultural é un edificio de pequena escala no que os veciños de Sumida conviven en torno á actividade creativa. Nela puidemos gozar escoitando como, nos seus espazos de ensaio, practicaban a súa afección todo tipo de grupos musicais –desde as rapazas dun pequeno combo de jazz a unha coral de anciáns cantando vellas baladas populares–. Observamos amplos espazos dedicados á nova cultura dixital nos que, en medio dun mar de ordenadores, os seus usuarios conec-



New Museum

tábanse a través das ondas con toda unha cultura global, ou facían as súas propias páxinas web. Vimos á xente utilizando a súa biblioteca-hemeroteca, na que un grupo de vellos participaba nun seminario de redacción. Visitamos unha increíble exposición de “mangas”. Descubrimos espazos destinados a estudo para escolares e unha ampla gardería. Contemplamos outro grupo de anciáns cultivando bonsais na terraza do edificio. Encontramos locais destinados a unha pequena emisora local de televisión na que os propios membros da comunidade cumprían o papel de actores e coordinadores. Pasamos polo seu planetario. Descansamos na cafetería utilizada polos veciños como centro de reunión...

Á marxe de calquera formulación ligada ao mundo da chamada “arquitectura do espectáculo”, a Factoría Cultural de Sumida, unha arquitectura cunha sorprendente beleza, mostrábanos, desde uns rigorosos requisitos centrados na oportunidade do seu uso, a súa necesidade, a súa adecuación ao contorno, un novo xeito de entender a cultura.

No inicio dun novo tempo non se trataba de ofrecer aos cidadáns un gran “monumento” no que consumir cultura senón un limitado contedor no que cada un puidese facer a súa propia cultura ao tempo que recibir información de todo aquel suceso creativo que no mundo xurdira.

Os dous exemplos citados constitúen dúas excepcionais

mostras de como deseñar unha arquitectura para a cultura desde unha proposta austera e innovadora. Non obstante, a estas alturas do artigo algún lector despistado ben puidera preguntarse: E cal pode ser a relación entre estas consideracións e a problemática galega?

Tal vez a ligazón estea en que se na súa viaxe a Xapón –poucas semanas despois da toma de posesión como conselleira de cultura– a señora Bugallo tivese visitado a Factoría Cultural de Hasegawa, o seu empecinamento en xustificar a continuidade e futura utilidade dese “magno proxecto” denominado “Cidade da Cultura” contrastaríase cunha incuestionable realidade: co disparatado investimento que estamos destinando á obra do monte Gaiás poderíamos

“cubrir” Galicia de factorías culturais, como a de Sumida, destinadas a unha misión tan primordial para o desenvolvemento do noso país como a súa dinamización cultural. E quizais, por extensión, o presidente da Xunta se tería aforrado o extenuante e baldío esforzo de defender o indefendible.

Despois de visitar Sumida, ou agora o museo do Bowery, tal vez, presidente e conselleira, sen axuda de sabio ningún, terían chegado á conclusión de que o que en realidade necesita o noso país é un proxecto cultural aberto ao seu tempo, do que aínda carece, e cunha infraestrutura adecuada ao mesmo que nada ten que ver coa disfuncionalidade da paradoxalmente chamada “Cidade da Cultura”.

Arquitectura

Entrevista apócrifa ao arquitecto Oscar Niemeyer

MARILAR ALEIXANDRE

Desexaría facer unha entrevista conxunta a Oscar Niemeyer e Isaac Díaz Pardo. Cis-maba nela desde que vivín o mes de xullo na Pampulha, Belo Horizonte, a carón da Igrexa de San Francisco de Asís, desde que visitei o Sitio Burle-Marx no Rio de Janeiro, a facenda do paisaxista brasi-

moral, comparten soños de amplo calado, cambiar o mundo, cambiar o seu país.

Non sendo posíbel, de momento, a entrevista conxunta, dialogamos con Oscar Niemeyer na data en que fai 100 anos (as súas respostas gráfanse no orixinal).

M. A. Cóntase que a Igre-

nunca neguei a minha militancia comunista, talvez esa figura está na olhada das persoas. Além disso outra causa puderam ser os nus de bronce de Ceschiatti representando a Adão e Eva. Como eram lindas as mulheres de Ceschiatti! Quem julgar esses nus escandalosos, leva o

dos nossos irmãos mais pobres. Me agradaria vê-los fora dessas áreas de discriminação. Ricos e pobres juntos, nas mesmas áreas de moradia.

M. A. Con motivo do seu aniversario, recibe parabéns de todo o mundo. Mais o Oscar declarou que as protes-

homens, cria poder, cria a violéncia.

M. A. Tróuxolle problemas esa militancia no Partido Comunista do Brasil?

O. N. Quando houve o golpe militar, eu estava em Lisboa. O que me proteceu das brutalidades ocorridas nos primeiros tempos que se



Museo de Arte Contemporanea de Río de Janeiro na cidade de Niterói.



Oscar Niemeyer



Cúpula da Catedral de Brasília

leiro colaborador de Niemeyer (e sobriño neto de Marx). Canto gozarían aquí Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo! Afinidades na orde estética e mais ética. Nos compromisos compartidos coas vangardas artísticas, coa esquerda. Nas biografías marcadas pola resistencia e o exilio. É a cor vermella a que define a Isaac e a Oscar. Ambos os dous contemplaron algunhas das súas empresas arrasadas, *Módulo*, a revista dirixida por Niemeyer, foi saqueada e fechada en 1964 pola ditadura militar; a ofensiva contra Díaz Pardo está en curso. Oscar Niemeyer e Isaac Díaz Pardo son de pequena estatura física, non pasan de 1 m 60, e de enorme estatura

xa da Pampulha tardou 13 anos en ser consagrada porque Portinari representou ao lobo como un can de palleiro (vira-latas din os brasileiros). Segundo outros débese á silueta do predio que reproduce a fouce e o martelo. Cal das dúas versións é máis certa?

O. N. Como podemos saber con certeza as razóns da intolerancia? Certo que Portinari pintou un vira-latas á esquerda de São Francisco; olha que a igrejinha já foi conhecida como igrexa do cachorro, ou igrexa excomulgada. Há quem não gosta de ver representada a realidade, mesmo em forma de cachorro. A foíce e o martelo da igrexa refletida na lagoa... eu

escândalo na olhada.

M. A. O Oscar afirma que a arquitectura que prefere está feita de liberdade, audacia e fantasía. A súa obra explora todas as posibilidades do cemento armado sen deixar de ser leve. Como aplicarías esas ideas aos asentamentos dos sen terra, movemento que vostede apoia?

O. N. O concreto armado ofrece a possibilidade das grandes curvas, que están próximas do estilo do nosso barroco, numa escala diferente, mas nesse caso o adequado seria uma arquitetura feita com tijolos, simples e fácil de construir. Porém o assunto da habitação popular não me entusiasma. Em geral essas obras visam conter a revolta

dos jovens na rua son máis importantes que o seu traballo. Que quere dicir con iso?

O. N. Eu sempre digo aos estudantes que, quando a vida se degrada e a esperanza foge do corazón dos homens, só a revolución.

M. A. Hoxe o pensamento dominante é que a revolución e o comunismo son utopías. Está dacordo?

O. N. Utopia é querer consertar o capitalismo, achar que ele pode ser melhorado. Está tudo errado, é uma doutrina de miséria, de egoísmo. Eu som um comunista que acha que é preciso mudar o mundo, que nada vai se resolver com paliativos, que o capitalismo é ruim, divide os

seguiram ao golpe militar. Apesar da minha ausência, meu escritório foi invadido e o da revista "Módulo", que dirigia, depredado. Isso não impediu que na primeira volta ao Rio eu fosse logo levado à polícia política. Mas isso nada representa em comparação ao que ocorreu com outros camaradas, muito mais ativos.

M. A. Veremos Oscar Niemeyer en Santiago de Compostela?

O. N. O meu medo de viajar de avión é famoso. Talvez quando eu viajar a Avilés onde estou construindo un centro cultural poderei visitar Compostela. Gostaria imenso ver a tripla escada de Domingos de Andrade.

Emigración

Nin dentro nin fóra

XELÍS DE TORO

Hai uns anos escribín esta frase espléndida: "Non é certo que Castela morrese, está vivo, está recollendo diñeiro e apoios entre as comunidades emigrantes para voltar a terra e botar os caciques fóra". Non ven a conto explicar neste pequeno vertedeiro de palabras porque inventei semellante frase. Sonche outras leiras e outras guerras. Pero tráioa aquí, porque estas palabras, son como o pano que garda o ouro de sentimentos nacionalistas de longo perco-

rrido. Un é a morte de Castela fóra da terra e o seu testamento de que o seu corpo non voltase ata que esta estivese liberada, o pai da patria enterrado en terra allea, e outro e a emigración no imaxinario colectivo como posuidora da nosa enteireza nacional en tempos difíciles. De soños case se vive. Como de soños viviu moita xente a espera dun xornal chamado Galicia, do que eu non me quería perder o número cero. Aquí estou, asinando no

medio de artigo, por se acaso, Xelís de Toro, no meu xornal soñado, na terra prometida.

Mais agora que significa a palabra emigración? Por unha parte significa o mesmo de sempre. Marchar en busca de traballo. Moita xente nova sígueo facendo nin máis nin menos. Máis é unha emigración diferente. Nin é a emigración de non chores por min Arxentina nin se viaxa á terra do olvido. Moitos dos emigrantes galegos que se ven polo mundo adiante están

moi preparados, máis que preparados. Chámanlles profesionais. Ademais as compañías de baixo custe, internet, fan que todo estea máis a man, as separacións non son tan espaciadas no tempo. O emigrante galego non se disvincula tanto da terra como antes acontecía, está aquí e alá, nin dentro nin fóra. O diálogo con Galicia é máis fluído e dinámico. Moita xente marcha momentaneamente ata que se poida volver, ata que as condicións melloren, para moita xente sempre

foi así. Pero o nivel cambiou moito. Agora non se escapa da fame, escápase para poder facer o traballo que un quería, para poder mellorar e aprender, para ter oportunidades que en Galicia non hai. Afóra tamén se está a formar moita xente. Se cadra algún día voltarán se poden e se seguimos cos soños farán o traballo que Castela deixou sen facer, "botar os caciques fóra". Estamos falando do imaxinario colectivo. Imaxinar imaxínase.

Música

Da escuridade á semipenumbra

MARTIN WU

De acordo. A do 2007 foi probablemente a mellor colleita do pop e do rock galego en anos. No artístico, apareceron discos dunha calidade e sobre todo dunha variedade nunca vista, e os músicos de Galicia demostraron que por fin se están librando de prexuízos, lastres e autocompaixóns inútiles. No industrial (con perdón), serviu para que empezasen a callar proxectos editoriais,

selos e distribuidoras con máis vocación de perdurar que as que malviviron ata o momento. E, sobre todo, o rock e o pop galegos empezaron a chegar á xente, que por fin ten onde escoller, e que responde indo aos concertos, escoitando as cancións e comprando algúns discos. Tamén (aínda que isto me interese algo menos) chegou aos oídos da Administración a idea de que en Galicia hai algúns que facemos música sen empregarmos máis gaita nin acordeón, que están moi ben, pero non son o único, non?

Con todo, estaría mal que nos confundísamos. Durante moitos, moitos anos, e coa excepción dalgúns momentos a mediados dos noventa, o rock galego moveuse no underground máis absoluto. Pero moveuse. Outra cousa é que non se vise, que non se quixese ver ou que non o soubésemos facer ver. Pero existía,

e o que agora vivimos non se pode entender sen recordar que, hai dez anos, selos como Lixo Urbano editaban cousas ben interesantes, que os grupos se autoorganizaban para teren locais de ensaio, material, datas de concertos ou festivais. En definitiva, que todo o que agora está subindo á superficie non aparece pola graza de Deus: sobrevivía a base de militancia (máis ou menos como agora, non se


crean que aparecermos catro veces no xornal e un par delas na tele nos garante moito máis que o necesario para gasolina e pensión de cuarto triplo).

Creo que a razón pola que pasamos das tebras máis absolutas á feliz semipenumbra de agora é sinxela: Internet. Ata non hai nada, editar un disco neste país viña a ser sinónimo de atoparse seis meses despois con tres ou catro caixas cheas de discos arrombadas na praza de garaxe; distribuílas era difícilísimo, e facelas visibles, imposible. Hoxe, a rede permítenos aos músicos poñer o noso traballo a disposición do público case sen custe e ao público escoitar o que se fai no país sen ter

que facer as figuras que se facían ata hai pouco, aquilo de pedir cintas por catálogo porque nos gustaba a reseña dalgún fanzine, ou ir a concertos sen coñecer nin o nome de quen tocaba. Contra o que din os agoreiros interesados, a Rede é a única vía de supervivencia que lle queda á música.

O reto está agora en facer que este momento sexa dunha vez sostible e rendible. E falo de rendibilidade non nos termos faraónicos deses presuntos defen-

sos de presuntos autores. A min bastaríame con que tocar cunhas condicións mínimas (técnicas, económicas e tamén de hixiene) sexa cada vez máis habitual, que aqueles que arriscan os cartos para editar discos o poidan facer sen suicidárense empresarialmente, e que facer música con guitarras, tambores ou ordenadores desde Galicia deixe de ser considerado unha marcianda. Que xa non é pouco.



En positivo

Unha idea para a Cidade da Cultura

J.B.

A Cidade da Cultura é xa un proxecto sen volta atrás, independentemente das polémicas. Así que só nos queda darlle o mellor uso posíbel. Propono un parque temático: "Os políticos e a cidadanía", co obxecto de que os cidadáns sexamos informados a fondo da fartura de ideas e dos grandes

esforzos que os políticos fan por nós. Propono que os contidos, traballos e elección do persoal sexan subcontratados a empresas de familiares e amigos de políticos, así axudaremos a que melloren a súa situación económica, pois meréceno e teñen pouco soldo, como é notorio.

E que haxa moitas novas tecnoloxías, audiovisuais, pantallas interactivas e actuacións musicais dos cantantes que máis gustan aos políticos no poder. A ver se dunha vez nos decatamos do moito que lles debemos. Confío en que o meu soño se faga realidade, aínda que lle chamen doutra maneira.

Audiovisual

A feira do audiovisual

XOSÉ ZAPATA

Definir ao audiovisual galego sempre foi difícil para calquera que se enfrentara a semellante reto intelectual. Eu, dende a miña experiencia, definiría a este sector como unha "feira" como as que lembro da infancia na aldea. E como se dí "cada quen fala da Feira segundo lle foi nela". As opinións que temos todos están influídas polo noso interese persoal ou profesional pero existe unha realidade económica que poucas veces é subxectiva, e que nos proporciona unha visión moi clara do audiovisual galego. A súa cuestionable calidade e os fracasos fan visibles as grandes eivas do audiovisual, e sobre todo unha realidade que moitos intentan ocultar detrás de estreas de postín, premios de suposto prestixio e directamente, por que non dicilo, de mentiras.

Tendo en conta os máis de 20 anos que leva existindo a nosa televisión pública, os 10 anos de convocatorias anuais de axudas da Xunta de Galiza e os 8 anos de Lei Audiovisual (consensuada por todos os partidos e nunca aplicada por ninguén), creo que hai suficiente información como para sacar algunha conclusión obxectiva. As cifras non deixan lugar a dúbidas: Galiza é a segunda Comunidade Autónoma con maiores subvencións ao audiovisual (4 millóns de euros [datos de Egeda Anuario 2003]), so por

visións (o 60% [Observatorio do Audiovisual Galego]). Na Galiza na actualidade funcionan 8 institucións con fondos públicos para o apoio e a organización do audiovisual:

Academia Galega do Audiovisual, Cluster Audiovisual de Galiza, Consorcio Audiovisual de Galiza, as dúas asociacións de produtores (AGAPI e AEGA), o Centro Galego de Artes da Imaxe, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e Axencia Audiovisual Galega. Sen contar as "Films Comissions" e Concellos das cidades, principalmente o de Santiago, que tamén teñen fondos de apoio a iniciativas audiovisuais, ademais dos premios Mestre Mateo, os Premios Chano Piñeiro e varios Festivais de diversos orzamentos.

Con todos estes datos pódese afirmar que o sector cultural con máis apoio institucional na Galiza é o audiovisual, cuantificándose a investimento realizado aproximadamente en máis de 600 millóns de euros en produción de cine e televisión nos últimos dez anos.

Poderíamos debater moito sobre o diñeiro do audiovisual pero hai unha conclusión obxectiva: o audiovisual galego está en débeda con Galiza. O País fixo un investimento moi importante, por enriba das súas posibilidades, neste sector. Tanto os profesionais como as institu-



detrás de Cataluña e moi por diante do País Vasco ou Valencia con (3 millóns de euros) cifras que inclúen por exemplo o apoio ao Festival Internacional de Cine de San Sebastián. A Televisión de Galiza é a cuarta televisión autonómica de España con maior orzamento (100 millóns de euros anuais [orzamento TVG aproximado do ano 2005]) do cal adica a produción externa (ou sexa a realizada por produtoras privadas galegas) unha porcentaxe moi superior a de outras tele-

cións temos que ser conscientes deste esforzo e dirixir de maneira eficiente e con auténticos criterios de calidade o investimento feito, e a que se vai a realizar. Uns criterios que hoxe en día non existen, e unha responsabilidade sobre os investimentos que algúns botamos en falta.

Lémbrome que ao terminar o mercado, no campo da feira da miña vila, acumulábase no chan a merda deixada por uns feirantes que levaban os petos ben cheos. Esperemos que o audiovisual galego non remate igual.

Exercicios de memoria

**Cousas que a gente esquece...
...aínda que pareza mentira**

SECHU SENDE

- Um amor.
- Um paráguas no autobús.
- A cabeza entre as nubes.
- Umha palabra na punta da lingua.
- Gernika, Iroshima.
- A historia da tua propia familia.
- A data de caducidade dum iogurt.
- Os mineiros de Lousame indo cara a Santiago com dinamita / para defender-nos do franquismo no 36.
- Um agasalho polo aniversario.
- @s exiliad@s.
- O nome daquela actriz.
- Quando estreamos a queimada de cerámica de Sargadelos.
- Fazer a compra.
- A lingua.
- Afganistán.
- Quem está detrás de cada medio de comunicación.
- Dizer quero-te.
- Fazer o encrucilhado do jornal.
- Ou a sopa de letras.
- @s pres@s polític@s.
- Dar um bico de vez em quando.
- Outro amor.

A memoria é como um músculo. Necesita exercicio. Ou atrofia-se.

Recorda!



ILUSTRACIÓN: DAVID RUBÍN

Encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
1		☼		☼										
2								☼						
3				☼		☼							☼	
4				☼		☼		☼				☼		
5								☼					☼	
6					☼					☼				
7			☼				☼							
8		☼								☼		☼		☼
9			☼		☼		☼							
10								☼		☼		☼		
11	☼			☼			☼							☼
12										☼		☼		☼
13						☼								
14				☼										☼

HORIZONTAIS

1. Consoante. Á esquerda non é nada, pero á dereita si. Isaac empeñouse sempre en recuperar a dos galegos.
2. Apelido de dous famosos deseñadores que hai anos fixeron un bo encargo a Sargadelos e que agora contratou a nova directiva para deseñar unhas pezas tan modernas que requiriron cambiar os fornos da fábrica. Deixar algo no chan.
3. Cadril. Vogal. Só é boa cando é falsa. Letra divorciada.
4. Aquel azul de Sargadelos, tinguiuse de esta outra cor. Paga de Isaac nos últimos meses. 1ª letra. Elemento de formación de palabras que significa arredamento. Hai xente que pensa con el e ten unhas ideas de merda.
5. Socorro. O que queda dunha árbore ou dunha extremidade amputada (do revés). Vogal.
6. As puñaladas, se veñen dos amigos, aínda ___ máis. Cesamento. Botan xuramentos, ou fan ruído coas cinzarras (do revés).
7. Conxunción francesa. Nome de letra. Movemento musical, ou cabaleta xiratorio do que se colga a gramalleira.
8. Distintivo dos novatos. Sinónimo de billardas ou estornelas. Número romano. Vogal. Outro romano.
9. Os imbéciles i escuros, queren que o morda o bo e xeneroso (do revés). Esta e a seguinte nomean un deus expicio. Isaac modelou e fixolle isto a moitas pezas (do revés).
10. Nome do castro onde Isaac inicia a súa andaina. Consoante. Vogal. Río galego.
11. Nota musical. Siglas de Nunca Nais. O grupo fundacional de Sargadelos parte da convición de que elas expresan unha linguaxe propia e que retomándoas, recupérase a identidade dun pobo (do revés).
12. Rivas dixo que a de Fraga era coma ter un ourizo na cabeza, pero Isaac apegoose a ela. Voz propia dos cantares galegos. Esta e a seguinte son a mesma letra.
13. Seguro que mais dunha vez tomaron por tal ao entusiasta Isaac os arxentinos (do revés). Contra o tópic de que os galegos sempre foran uns ignorantes Isaac resaltaba logros tales coma que no século XIX este arco reluciu en Compostela por primeira vez en España e por segunda vez en todo o mundo.
14. O caso é estar así. Para Isaac, é a transmisión do pasado ao futuro.

Sopa de letras

L	I	O	R	A	M	O	N	P	I	Ñ	E	I	R	O	V	A
O	U	D	F	W	E	T	S	K	F	G	T	R	B	Ñ	L	N
R	H	I	N	U	Ñ	E	Z	B	U	A	H	L	S	S	R	T
E	X	D	S	G	Y	Z	Z	X	K	B	A	H	O	Ñ	Q	O
N	F	G	H	S	F	G	P	T	Y	N	K	B	L	A	Z	N
Z	S	A	D	H	E	I	A	E	C	E	R	T	O	N	N	I
O	U	L	N	S	S	O	Z	O	B	D	P	Ñ	I	L	M	O
V	W	B	X	R	A	F	A	E	L	D	I	E	S	T	E	B
A	G	A	Q	A	H	M	N	N	I	Ñ	C	V	T	D	D	A
R	Y	L	I	L	O	X	D	H	E	F	W	T	O	K	M	L
E	C	A	V	R	S	R	R	S	U	O	P	L	B	N	D	T
L	N	T	N	E	I	R	A	V	I	L	A	S	I	V	W	A
A	V	Q	U	I	D	A	D	X	K	T	E	W	O	D	U	R
F	E	R	N	A	N	D	E	Z	D	E	L	R	I	E	G	O
F	G	B	Y	U	S	G	H	I	F	F	T	O	P	G	Y	U
K	L	I	O	Q	S	B	A	F	W	Q	U	I	P	N	C	V

Os doce homes cos que Isaac comparte as honras que recibe

VERTICAIS

1. Nome que antes recendía a comida de festín e agora cheira que apesta. Xaneiro é o primeiro do ano.
2. Teñen a Isaac no IGI coma aos touros alí (do revés). Dixo Díaz Pardo que a deixou porque estaba farto de facerlle retratos aos ricos.
3. Despois da desfeita da guerra, os mellores galegos estaban nel (do revés). Letra. Din que os que non choran non o fan.
4. Vogal. Como era o avogado de Sargadelos, feita a lei, logo deu coa trampa. Siglas de Orgullo Ruín.
5. Xa rematou o da memoria histórica. Consoante. Siglas de Malas Remesas. Coide de que o gando non vaia ás leiras (do revés).
6. Ti en castelán (do revés). Nome do tío que agochou a Isaac cando mataron a seu pai no desastre do 36 (do revés tamén). Consoante.
7. Tempo de tronada ou cinzarrada. Escoita. Esta e a seguinte non son nada. Siglas de Asociación de Víctimas da Avaricia.
8. Vogal. Nota musical. Utilizas (do revés). Plural. Ten mérito o de peito (do revés).
9. Interxección que indica coidado! Perciben sons. Iso queren facer con Isaac no IGI (do revés).
10. Segundo as propias declaracións de X.L. Vázquez, así lle saíron os deseñadores italianos (do revés). Día latino. Siglas de Mediocres Artistas Trabando Culturas.
11. Isaac naceu nunha casa con ese nome, pero non creo que a usara moito. Nada de nada (do revés). Voz para laiarse.
12. Canción canaria. Oficio de Pavarotti e Carreras. Aversión, xenreira.
13. A metade dunha nai. Consoante. Siglas de Ostras Teimudas. O sarillo de Sargadelos é así (do revés). Fáltalle o T final para ser anarquista.
14. Cando era novo Isaac quería ter esa profesión, a guerra só impediu que tivese o título. Nota musical.

Análise

Médico no IGI

MARTIÑO NORIEGA

Algo non marcha ben neste País cando cada certo tempo asistimos a exercicios próximos á antropofaxia cos nosos referentes políticos, empresariais e culturais. Algo marcha aínda peor cando eses parricidios dietéticos acontecen no coñecido como mundo da esquerda e do nacionalismo sen pudor nin memoria. Existe un exceso de complexo de Edipo en certos segmentos da cidadanía que fan imposible a posibilidade de ter no campo dos nosos referentes sociais o mellor equipo de todos. Hai xente que prefire perder todos os partidos e quedar como máximo anotador antes que compartir vitorias e experiencias con persoas que fixeron de Galiza o principio e fin da súa traxectoria vital.

Eu sempre quixen ser médico no Instituto Galego da Información, edificio que naceu para acoller o xornal *Galicia*, que actualmente é a

factoría cultural do grupo Sargadelos e que dende hai 10 anos visito a modo de terapia existencial cada certo tempo. Médico cando aínda era estudante e pasaba moitas tardes no devandito edificio na compañía do meu mestre Xose Ramón Fandiño, na súa mesa de traballo, rodeado de libros e xornais. Médico no IGI cando xa exercía a Medicina en fríos hospitais ou varios Centros de Saúde e médico no IGI, agora que exerzo a miña actividade persoal na alcaldía do Concello de Teo.

Un ben sabe que para Isaac, antes que a máquina está a persoa, antes que o puro beneficio empresarial está o compromiso co País e a súa memoria histórica dende hai moitos anos. Un ben sabe, que Isaac é un francotirador contra o pensamento único, un librepensador nun mundo teledirixido, o fillo daquel gran home que debu-

xa ideas, o rapaz que con Avelino Pousa facía campaña polo estatuto no 36 nun camión de recollida do lixo en Compostela, o que renunciou a ser pintor nun país onde faltaban os mellores, a sabedoría que morre matando dende un corpo cativo e diminuído nesta loita contra o mal de aire.

A pesar de todo isto, Isaac e Fandiño sempre souberon que a miña querenza por exercer a profesión no IGI era unha coartada para estar nun lugar onde se respiraba arte e liberdade en cada aula, en cada despacho. Un lugar onde se acollía a calquera artista en dificultades, onde os libros non aspiraban a ser best-sellers, onde a creatividade, as fotografías e o saber facer das súas xentes falaban e cubrían o baleiro existente.

Nestes tempos que corren nun país ermo de cidadáns que aposten por reinvestir os seus beneficios persoais na

colectividade, o IGI é unha rara avis e os seus 11 integrantes unha equipa Copa de Europa. Cando penso neles, penso en 11 persoas que levan case un ano sen cobrar, resistindo o asedio daqueles que tan só contabilizan o beneficio en billetes de papel. Cando penso neles penso en Gloria, Alfonso, María, Xosé Ramón, Isaac, Charo, Marisa, Juan Carlos, os dous Antonios, Begoña e Mónica.

Sempre gostei da obra de Celso Emilio Ferreiro, especialmente da súa *Viaxe ao país dos ananos* publicada no ano 68. Corenta anos despois esta obra segue a ter vixencia, non xa para describir o mundo da emigración, senón para falar de Galiza dende coordenadas propias. Resulta curioso que aqueles que berran agora polo beneficio empresarial, aqueles que medraron á sombra de Isaac alimentándose da súa xenerosidade, sexan agora os avalistas da linguaxe

accionarial, dos beneficios que por primeira vez non colleitaron, das mentiras xudiciais, da negación do que foron.

Impotencia. Esa é a verba que define como estou a vivir a crónica desta morte anunciada comunicada por aqueles que pasarán á posteridade por ser os verdugos doutra maneira de entender a cerámica, a empresa, o espírito do Laboratorio de Formas, a editorial... a Cultura. Neste país no que sobran medallas Castelao e falta decisión e compromiso cos bos e xenerosos, non esqueceremos aos Brutus que cravan puñais polas costas.

Se este Xaneiro confirma o que todos tememos, todos os galegos e as galegas perderemos algo. Se este Xaneiro que entra confirma o finiquito dunha actitude vital eu non poderei exercer a miña verdadeira vocación...SER MÉDICO NO IGI.

Artes Escénicas

Escena galega e política de escaparate

COMBA CAMPOY

Empecemos por aclarar os conceptos. E asumamos como posíbel unha política cultural democrática, entendida como conxunto de accións e plans, emprendidos polos distintos axentes do sector, dos cais a Administración é un máis. Aceitemos como válida a posibilidade dunha política encamiñada á racionalización dos recursos, á democratización do acceso aos bens culturais, á dignificación profesional dos traballadores, ao enriquecemento artístico ou espiritual dunha sociedade. Igual poñemos o carro diante dos bois. Se cadra non ten moito senso falarmos de "cidadanía" ou de "produtos culturais", cando a cidadanía implica a asunción e a consciencia duns dereitos –e deberes!–, aos que maiormente renunciamos por preguiza, e os únicos produtos culturais que circulan entre nós con algunha solvencia son os xogos da play station. Temos un sistema cultural precario, por moitas etiquetas molonas

que lle queiramos pór. Por moi estratéxico que o apelidemos, o teatro galego non deixa de ser unha entelequia. E a entelequia das entelequias constitúea o público, que non acaba de aparecer por máis estudos e campañas que se emprenden.

En calquer caso, volvo aos conceptos e dareinos por válidos. Así, o Plano Galego das Artes Escénicas, un ambicioso proxecto a catro anos que, a iniciativa do IGAEM, está a ser debatido na actualidade cos representantes dalgúns colectivos profesionais do sector, encaixa no que entenderíamos por unha política cultural democrática. Proponse encardinar unha reforma global do sector, na busca de solucións aos seus principais problemas estruturais. E, por riba, cada liña de acción vai acompañada do orzamento destinado a levala a cabo, e do departamento da Xunta que a vai asumir.

Se todo vai ben, e os axentes implicados non o impi-

den, no 2011 poderíamos contar cun sector escénico con empresas que poidan chamarse como tal sen rubor, cun hábito de consumo teatral asentado no traballo comunitario, con profesionais cunha formación que eleve a calidade dos espectáculos e que multiplique as posibilidades de proxección exterior do noso teatro...

Pero moito me temo que, mentres esa política cultural democrática tarda en botar a andar e en dar resultados, a batalla interna na Xunta segue implacábel, azuzada día a día pola prensa "rexional". Así que cómpre que os números nos dean a razón, e que se produzan máis espectáculos ca antes, de hoxe para mañá se é preciso porque agora mesmo hai que proxeccionar a cultura galega (ou o seu simulacro) fóra das nosas fronteiras, e sobreto-

do, dar a sensación de que isto avanza a toda hostia. Que unha cousa son as políticas culturais democráticas, que levan o seu tempo, e outra, ben distinta, a campaña electoral. E desde que aquí goberna a prensa, sempre estamos en campaña.



Deportes

Agardando o enésimo mesías.

Algo falla

CARLOS MEIXIDE

Na Coruña, sendo simplista, o cal non debera preocuparme en exceso pois procedo da escola xornalística galega, hai dous tipos de persoas. Aproveitando un acaído símil procedente de importantes relixións monoteístas, poderíamos dicir que hai coruñeses xudeus e coruñeses cristiáns. Os segundos diferéncianse dos primeiros basicamente nunha cousa, e é que cren firmemente na chegada dun Mesías: isto é, de Amancio Ortega, ou no seu defecto, de Rosalía Mera. Certo é que Amancio historicamente nunca se postulara demasiado para este fin. A súa condición 'miragreira' reducíase a montar talleres de costura por Galiza adiante cando non polo terceiro mundo adiante, e a practicar unha especie de pirateo-top manta dos principais deseñadores mundiais para vender a baixo prezo; pero a súa aura, envolta como bo mesías en misterio, penetrou profundamente no sentir dos coruñeses que asistían impávidos á lectura dos novos evanxeos de Don Santiago Rey Fernández-Latorre.

O problema que teñen os mesías é que moitas veces non son tales: ou son impostores ou, como no caso de Amancio Ortega, unha especie de Brian da película dos Monthy Python, que non o esperaba, pero ao que finalmente acáballe facendo graza o chiste. Os coruñeses cristiáns deberan sabelo pois xa caeran na trampa outras veces, pero perseveran. Digo que xa caeran na trampa pois hai que lembrar o orgullo co que defenderon durante cinco lustros ao seu alcalde Paco Vázquez que fixo da Coru "la ciudad más bonita de España" tal vez só comparable a Santander", ou pouco despois ao seu presidente do Deportivo e, por algún tempo da Deputación, Augusto César Lendoiro, que "como gestor no había otro". Hoxe, os dous están, entre aspas, caídos en desgraza: o un, bebendo refugallos de santidad no seu palacete romano, e o outro co equipo de fútbol do que fora modelo de xestión, cunha débeda insostible.

Mentres que no caso do

primeiro, os evanxelistas que tanto anunciaron a vinda do Mesías, decidiron optar polo silencio cando o Mesías se demostrou terreal a raíz dunhas escuras informacións publicadas por outros evanxelistas apócrifos, deixándolle en todo caso dúas páxinas para xustificarse desas informacións das eles que paradoxalmente non chegaran a informar; no caso do segundo, decidiron ir a por el ata que se afunda no profundo do inferno, pois no canto do Mesías demostrouse máis un Xudas traidor. Acúsano de ter un soldo profesional do 1% do presuposto do club, pero non lembran como foron eles mesmos algúns dos principais defensores de que se aprobara tal anormalidade. Do mesmo xeito, indígnanse de que tivera endebedado ao club sen parar a preguntarse durante os anos nos que o Deportivo gañaba títulos como era posíbel co Deportivo gañase títulos. Daquela o importante era disfrutar da festa sen perguntar quen pagaba a barra libre. En fin, os fariseos que unha vez se demostra a terrenalidade do seu Mesías, no canto de facer acto de contrición, prefiren coller a pedra e sumarse á turma para lapidalo.

Pero inda queda un Mesías: Amancio, Ortega que non Amaro. O problema do Deportivo non é que estea en débeda por culpa de Lendoiro, que talvez o sexa, senón que a insistencia de Lendoiro en aferrarse no posto impide que o Mesías poña diñeiro para que o Dépor volva ser grande; isto é: que Amancio Ortega porque si, invista parte do seu diñeiro no Dépor. E talvez a invista, por que non? Investiu millóns no complexo hípico de Casas Novas, imaxinamos que porque á súa filla lle gusta a hípica, o cal parece teña os cartos, pero con todo, en 2005 recibiu máis diñeiro en axudas do Concello da Coruña para este complexo (144.000 euros) que todo o deporte base da cidade (90.000) (*xornal.com*, 11 de decembro de 2005), e por poñer puxo 1,5 millóns de euros na casa de Francisco Vázquez en Roma (*Revis-*

ta Capital.es, Maio 2007). Todo será cuestión logo de falalo. O caso é que xa estea todo falado de máis talvez, e de aí se expliquen as actitudes dos uns e dos outros en todos estes sarillos.

E discúlpeleme que conte unha historia tan coruñesa para un xornal de vocación nacional, pero é que me temo que, por moito que lles amole aos protagonistas desta historia, son galegos abondo como para que se repita noutras escalas ou baixo outras formas no resto do territorio, (Caneda, Leri, Horacio Gómez, Carlos Mourino, Marcial Dorado, El Faro de Vigo, El Correo Gallego...) mentres que o deporte de base foi historicamente un ermo absoluto. Promociónase un modelo deportivo no que o importante é o éxito rápido e se é posíbel rendíbel a nivel político ou empresarial. Os xogadores de fútbol dos equipos galegos profesionais, por exemplo, son futbolistas na súa maioría estranxeiros que súan por camisolas que levan serigrafados os logos de grupos empresariais que atopan no deporte

unha saída para a súa lexitimación social: (Citröen-Vigo; Fadesa-A Coruña; Reganosa Ferrol; Ence-Pontevedra, GADIS-outravolta Tojeiro, selección galega, inda que esta si que ten xogadores galegos, etc...), por non falar da primeira equipa profesional galega de ciclismo que malia ser impulsada pola Xunta e contar con importante financiamento público, leva o nome de Valery Karpin, que non só é un ex-futbolista.

Ao final, unha cousa está clara: os deportistas galegos que chegan a triunfar teñen un mérito dobre: As biografías dos Iván Raña, Gómez Noya, David Cal, Teresa Portela, etcétera, seguramente non teñan nada que ver coa dos principais deportistas europeos ou, mesmo cubanos. Os seus éxitos non son froito dunha política sistemática de apoio ao deporte dende idades temperás. Os seus son, máis ben, os resultados de esforzos impagables mais tamén seguramente innecesarios pola súa cantidade de sacrificio, de persoas individuais que deciden

poñer a súa alma no fomento do deporte nos seus territorios e lugares contra o apoio das institucións as máis das veces, que porén, logo son os primeiros en quererem colgar as medallas.

O deporte tamén é cultura, e é sobre todo cultura asociativa, cultura de base, e cómpre poñer todas as facilidades para que a xente, sobre todo nova, poida practicalo. A experiencia di que nos concellos ou barrios ou lugares onde hai un clube con tradición, traballo e apoio, sexa do deporte que sexa, e canto máis traballen coa canteira, é máis probábel que xurdan estrelas, e se non xurden, si que xurden sociedades máis cohesionadas e cun maior sentido do convívio. Aí é onde hai que poñer o esforzo, en que a xente que traballa aí, na base, se sinta apoiada e acompañada. Ese é o futuro do deporte. Talvez non sexa moi glamuroso pero está ben, porque se o pobo non ten necesidade de mesías para que quere os mesías? O deporte tam pouco quere ser mausoleo de ninguén.



ILUSTRACIÓN: HERMO

Economía

Poñer a economía no seu lugar. Bases para o progreso económico da Galiza



ILUSTRACIÓN: HERMO

O extraordinario desenvolvemento que nos séculos XVII e XVIII tiveron os medios de cambio ou pagarés, estivo moi relacionado coas necesidades dun comercio crecente entre puntos cada vez máis distantes, pero tamén cós propósitos de distraer os capitais da burguesía da fiscalización dos soberanos absolutos. A través da letra de cambio o diñeiro facíase máis facilmente substraible á recadación e, consecuentemente, ao uso arbitrario por parte do soberano. Nese contexto a mobilidade do capital tiña mesmo un carácter libertario. Co proceso de globalización, fundamentalmente financeira, a invisibilización do capital tense extremado e o problema que se plantexa é como xulgar esta evasión do diñeiro cando o soberano é o conxunto da sociedade.

Sería francamente bastante confortable, tanto para os lectores como para min, adicar este espazo a soste que as políticas necesarias para o desenvolvemento da Galiza pasan por incrementar o esforzo en I+D+I, afondar na planificación territorial ou adoptar unha perspectiva de sostibilidade. Todo isto é necesario, pero insuficiente. O progreso, isto é, a construción dunha sociedade do benestar igualitaria e duradeira, require mudanzas máis fondas sobre as que ineludiblemente teremos que tomar decisións.

Na posibilidade de toma de decisións por parte do conxunto da cidadanía radica precisamente o quid da cuestión. Ao longo dos últimos

anos asistimos a unha deliberada e implacable subtracción da economía da esfera da política de modo que esta pasa a converterse nunha esfera autónoma, case supraterral. Nesta longa marcha de fagocitación da sociedade pola economía (corporativista) un fito clave é a construción dos dereitos humanos ás liberdades civís. Os resultados desta estratexia están á vista. ¿Quen lembra que no artigo 23 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos se consagra o dereito *ao traballo, á libre elección do traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e a protección contra o desemprego?* Unha vez dissociado este dereito dos dereitos humanos, a carencia dun medio de vida digno para as persoas xa non constitúe unha violación dos dereitos humanos. En consecuencia con este tipo de pensamento, a fallida non-constitución europea establecía que os cidadáns europeos terán dereito a procurar traballo. É dicir, terán dereito a tentar ter un traballo, pero se non o teñen a responsabilidade será exclusivamente súa, non das administracións. Pero se o obxectivo da política non é establecer as condicións nas que os cidadáns podan acceder ao traballo, entón ¿cal é?.

Resulta cómico (senón fora polo dramático) que mesmo a virtude máis publicitada do proceso de globalización en marcha, a superación das fronteiras, sexa falsa. Na mesma medida en que se reducen as cortapisas para a libre circulación do capital, aumentan as barreiras para a

GONZALO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

libre circulación das persoas, non só no plano internacional, senón tamén no intranacional. O incremento das desigualdades e, con elas da seguridade, está a provocar unha nova xeración de medidas de privatización de espazos e, consecuentemente, de exclusión. Así as urbanizacións pechadas, rodeadas de valos, cámaras e gardas de seguridade, están deixando paso ás "cidades contrato". Cidades para clases podentes, promovidas por construtoras e xestionadas por consultores (sen administración pública). Illas de seguridade e exclusión.

A supeditación da sociedade ao mercado debe ser invertida, máis aínda se aceptamos que o desenvolvemento debe ser sostible. A introdución desta perspectiva (a sostibilidade) cuestiona a idea mesma de progreso tradicionalmente aceptada, que non era senón sinónimo de consumo de maior número de bens. A evidencia do carácter limitado e escaso dos recursos dispoñibles obríganos a mudar (ou desaparecer como sociedade) e orientar a satisfacción das nosas necesidades a través da mellora da calidade de vida e do traballo, do incremento e mellora da calidade dos vínculos interpersoais e, en definitiva, tal e como se establece na definición de desenvolvemento humano das Nacións Unidas, a través do aumento das posibilidades dos individuos de elixir, isto é, de ser libres para exercer as súas eleccións e participar nas decisións que afectan ás súas vidas.

En definitiva, calquera que sexan as estratexias adoptadas para procurar o progreso da Galiza, deben ter por obxectivo incrementar a posibilidade de elixir das persoas, o cal implica estender e afondar na democracia e, a través, dela, na supeditación dos instrumentos económicos aos intereses e necesidades sociais. Isto require institucións públicas fortes e mercados dinámicos pero suxeitos ás regras de xogo determinadas pola política. Cómpre tamén, por último, lembrar que o mundo é pequeno.

Economía

Multinacionais galegas: notas para unha reflexión

ÓSCAR RODIL MARZÁBAL

De todos é sabido que a economía galega atópase tradicionalmente volcada ao mercado español. Porén, nas últimas décadas esta situación foi mudando coa ampliación do mercado a outros países. Nesta crecente internacionalización pódense identificar certas tendencias que veñen dictadas por empresas moi concretas, como é o caso da multinacional francesa Citroën.

Sen embargo, esta caracterización quedaría incompleta se non consideramos tamén o papel xogado polas multinacionais de orixe galega. Referencias inequívocas da súa importancia son os casos de empresas como Inditex ou Pescanova, entre outras. Este tipo de empresas constitúense como unha prolongación do tecido produtivo galego que trata de sacar proveito das vantaxes de localización doutros países (materias primas, man de obra, mercados,...) así como dos propios activos específicos (marca, nivel tecnolóxico,...). En definitiva, son un exemplo de como unha parte da economía galega trata de inserirse na engrenaxe do capitalismo actual, dominado polo proceso de globalización da economía mundial.

É certo que esta expansión do capital galego arrastra ás veces procesos de deslocaliza-

ción produtiva, con efectos negativos a nivel de relacións intersectoriais e de benestar (emprego). Pero tamén é certo que a conservación da propiedade e control do capital permite que Galiza siga ocupando un lugar central e estratéxico, cos efectos positivos asociados (investimentos, empregos cualificados,...). Outro perigo que persiste é o da desgaleguización do capital autóctono, coa conseguinte perda do control e dirección da actividade, algo que pon de manifesto o carácter periférico e vulnerable da inserción externa da economía galega.

Está claro que, aínda que ás veces falazmente se negue, o capital ten patria, que é aquela onde foi orixinariamente xerado, co sacrificio de recursos materiais, humanos, e incluso públicos. Por iso, Galiza non debe quedar impasible ante as ameazas que cernen sobre o capital autóctono e debe procurar que este teña vocación de permanencia. Seguramente contribuiría a este fin unha política industrial menos subsidiadora, e máis orientada á dotación de capital social ligado ao territorio (infraestruturas tecnolóxicas, clusters,...); que contemple a participación pública nas empresas estratéxicas e procure o compromiso das institucións financeiras como posibles socios.



FOTOGRAFÍAS: MULHERES TRANSGREDDINDO

HISTORIA COMPARADA DO MARQUES DE SARGADELOS



ISTE SEÑOR MARQUÉS
HOME MÁI LÍSTO E TERCO
PROIEVTOU UN ALTO FORNO
PRÓ MONTAR EN SARGADELOS
O PRIMEIRO FORNO DE ESPAÑA
QUE REDUCÍO O FERRO
PORQUE ASÍ O QUIXO IBÁÑEZ
TRABALLOU NOS NOSOS EIDOS.



PARA IL ERA PAN COMIDO
ISO DE GANAR DIÑEIRO
MULTIPLICANDO GANANCIAS
DEIXOU A TODOS BOQUIABERTOS
ANTONIO RAIMUNDO IBÁÑEZ
BOÑECÍA DO UNIBERSO
TÓDALAS LEIS QUE MOVEN
AS RODAS DOS SEUS ADENTROS.



O ALTO FORNO XA TRABALLA
PRÓ TAMÉN PRODUCE PLEITOS
QUE SI OS FRAGUEIROS DA RUA
QUE SI OS VECIÑOS DE CERVO
QUE PENA DA MEU MARQUÉS
QUE NON HAXA ENTENDEMENTO
ANTROS QUE SABEN POR BERCE
E OS QUE POR BERCE
NON SOBREMOS.



MAÍS NON SABENDO PERDER
IBÁÑEZ CONFUNDE O ENREDO
ESCRIBINDO A QVEN NON LEE
E BERRANDO A QVEN NON OUVEN
O SEU POBO ALPORIZÓUSELLE
E ASALTARON SARGADELOS
ENTÓN DE BOA LIBROU
FUXINDO POR UN PORTELO.



PREIXO, REFREIXO, BARALLA
E BARALLÁN BARALLAN TODO.
O LAZÁN DO PITÍS
HOXE É AMIGO DA LURPIOSA
E O LAMBEVÍS DO CASTAÑAS
CAXATO DE PERMATOCR.
MEU MARQUÉS NON HAI AMIGOS
NIN RESPEITO Á TUA OBRA!




AGORA QUITÁNILLE A CAMISA
O CALZÓN E TODA A ROUPA
OUTRO ARRÁNCALE A CARALLA
PARA LIA METER NA BOCA.
AMARRADO POLOS PÉS
E A UN CABALO ATADA A CORDA
ARRÁSTRANO VINTE LEGUAS
DEICA A BESTA CAE MORTA.

É ISAAC DÍAZ PARDO CONTADA POLO CEGO ZAGO



ISTE SEÑOR ISAAC
HOME MOI LÍSTO E TERCO
PROIEUTOU UN ALTO FORNO
PRA MONTAR EN SARGADELOS
O PRIMEIRO FORNO DE ESPAÑA
QUE REDUCIU O FERRO
PORQUE ASÍ O QUIXO ISAAC
VOLVER ARAR NOS NOSEIDOS



PRA IL ERA PRN COMIDO
ISO DE GAÑAR DIÑEIRO
MULTPLICANDO GANANCIAS
DEIXOU A TODOS BOQUIABERTOS
ISAAC DÍAZ PARDO
COÑECÍA DO UNÍVERSO
TODAS AS LEIS QUE MOVEN
AS RODAS DOS SEUS ADENTROS



O ALTO FORNO XA TRABALIA
E TAMÉN PRODUCE PLEITOS
QUE SI O PROXECTO DO IGI
QUE SI AS GANANCIAS DE CERV
QUE PENA DA DON ISAAC
QUE NON HAXA ENTENDEMENTO
ANTROS QUE TÈNEN POR BERCE
E OS QUE POR BERCE
NON TIVEMOS.



MAIS NON SABENDO PERDER
ISAAC CONFUNDE O ENREDD
ESCRIBÍNDO A QUEN NON LEE
E BERRANDO A QUEN NON OUV
O SEU CLAN ALPRIZÓUSELLE
E ASALTARON SARGADELOS
ENTÓN DE BOA LIBROU
PECHADO NO SEU CASTELO



VÁZQUEZ, REVÁZQUEZ, SINEIRO
E REMESEIRO REMEXEN TODO
O LACAZÁN DO PÍLILIS
HOXE É AMIGO DA LURPIOSA
E O LAMBECÚS DA CASTAÑAS
CAXATO DE PERNATOCA.
MEU ISAAC NON HAI AMIGOS
NIN RESPEVTO Á TUA OBRA!



GALIZA NON SE VENDE

MANIFESTACIÓN

contra a destrución do territorio.
Domingo 17 de febreiro 2008
Santiago de Compostela
Saída dende a Alameda ás 12h.

Marbellización do litoral, recheos e contaminación das rías, degradación dos ríos, plan acuícola devastador, plan portos deportivos, plan eólico desmesurado, plan da minaría, destrución do Courel, urbanismo salvaxe, industrias perigosas (Reganosa, Ence, Parque Residuos no Ribeiro e tantas outras), modelo de transporte e mobilidade insostible, especulación, destrución do medio rural, dos espazos protexidos, e do patrimonio cultural

CONVOCAN

Adega
Agrupación de Montaña "Augas Limpas"
Amigos da Terra
Anduxia - Plataforma para a conservación do litoral de Bueu
Arredemo
Asemblea do Suido
Asociación Cultural e Veciñal O Tombo de Ardán (Marín)
Asociación Cultural Os Ancares
Asociación pola Defensa do Parque Rosalía (Lugo)
Asociación O Carballal
Asociación Sagres
Bouzas Móvels
Burla Negra
Caleidoskopio
Colectivo Arraianos
Colectivo Ecoloxista do Salmés
Comisión Veciñal contra a Macrodepuradora do Lagares
Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol
Comité de Defensa das Rías Altas
Colectivo Nacionalista de Marín
Coordinadora de Crentes Galeg@s
C.S. A Revolta

Federación Ecoloxista Galega
Foro Social de Cangas
Foro Social Temos Dereito a Saber "O Ribeiro"
Fundación Galicia Verde
Fusquenilla
Greenpeace
Grupo de Axitación Social (Vigo)
Luta Verde
Meis
O Cruceiro de Mehá
O Fervidoiro
Origueira Sostible
Plataforma Ártabra 21
Plataforma Contra o Viaduto e a Variante de Outes
Plataforma Medioambiental de Comubedo
Plataforma Defensa do Patrimonio Cultural de Quiñas
Salvemnos Morteferro
Sociedade Galega de Historia Natural
SOS Coursei
SOS Serra da Groba
Verdegaia

**Terra viva
e vida digna
para tod@s**

www.galizonsevende.org